R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	28/02/2021	El informe de seguimiento que en este curso académico coincide además con el autoinforme de acreditación se centraliza en el Informe de Revisión por la Dirección. Este informe se publica en la web del centro y es accesible a través del enlace: <a href="https://csc.uvigo.es/calidade/titulacions/informes-da-direccion/">https://csc.uvigo.es/calidade/titulacions/informes-da-direccion/</a>	1	Completado
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	10/12/2021	En el curso académico 20-21, el Grado en Dirección e Xestión pública, superó el preceptivo proceso de renovación de la acreditación. Se adjunta el informe final recibido desde ACSUG	1	Completado
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	10/12/2021	No procede. Esta titulación no fue sometida a un proceso de seguimiento interno por parte de la Universidad, entre otros motivo por estar inmerso en un proceso de evaluación externa de Renovación de la Acreditación	0	Completado

R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	13/11/2020	Non procede.	0	Completado
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	13/11/2020	No procede	0	Completado
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	29/10/2021	Se adjunta informe de coordinación de Dirección y Gestión Pública	1	Completado
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	30/06/2021	Se adjuntan los criterios de asignación para las prácticas curriculares de DXP	1	Completado
R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do personal docente e investigador- PDI	15/12/2021	Se adjunta el informe de evaluación docente anual de DXP. Se adjunta en formato .xls porque la Unidad de Análisis y Sistemas (UAP) ha tenido un problema técnico que ha impedido generar el informe en PDF.	1	Completado

Listado de Rexistros P04M082V01 - Máster Universitario en Dirección de Arte en Publicidade					
Rexistro	Procedemento	Data límite de entrega	Observacións	Docs Adxuntos	Estado do rexistro
R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	15/01/2021	No procede. Durante el curso 2020-2021 no se ha iniciado un proceso de modificación de la memoria del Máster en Dirección de Arte.	0	Completado
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	30/12/2020	No procede. Durante el curso 2020-2021 no se ha iniciado un proceso de acreditación del Máster en Dirección de Arte.	0	Completado
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	28/02/2021	El informe de seguimiento que en este curso académico coincide además con el autoinforme de acreditación se centraliza en el Informe de Revisión por la Dirección. Este informe se publica en la web del centro y es accesible a través del enlace: <a href="https://csc.uvigo.es/calidade/titulacions/informes-da-direccion/">https://csc.uvigo.es/calidade/titulacions/informes-da-direccion/</a>	1	Completado
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	10/12/2021	No procede. De acuerdo con RD 822/2021 el Máster Universitario en Dirección de Arte en Publicidade pasará el preceptivo proceso de renovación de la acreditación en 2025.	0	Completado
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	10/12/2021	No procede. Esta titulación no fue sometida en el curso 2020_21 a un proceso de seguimiento interno por parte de la Universidad.	0	Completado
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	13/11/2020	No procede	0	Completado
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	13/11/2020	No procede	0	Completado

dunha titulación publicada no DOG					
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	29/10/2021	Se adjunta el informe de coordinación del Máster Universitario en Dirección de Arte en Publicidad.	1	Completado
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	30/06/2021	Se adjuntan los criterios de asignación para las prácticas curriculares del Máster	1	Completado
R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	15/12/2021	Se adjunta el informe de evaluación docente anual del Máster en Dirección de Arte. Se adjunta en formato .xls porque la Unidad de Análisis y Sistemas (UAP) ha tenido un problema técnico que ha impedido generar el informe en PDF.	1	Completado

### Listado de Rexistros P04M125V01 - Máster Universitario en Dirección Pública e Liderazgo Institucional

Rexistro	Procedemento	Data límite de entrega	Observacións	Docs Adxuntos	Estado do rexistro
R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	15/01/2021	No procede. Durante el curso 2020-2021 no se ha iniciado un proceso de modificación de la memoria del Máster en Dirección Pública y Liderazgo Institucional.	0	Completado
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	30/12/2020	En el curso 20-21 se ha renovado la Acreditación del Máster en Dirección Pública y Liderazgo institucional. El autoinforme de acreditación enviado a ACSUG fue debatido y aprobado previamente por la Comisión de Calidad del centro en sesión del 16-07-21. Se adjunta el acta.	1	Completado

R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	28/02/2021	El informe de seguimiento que en este curso académico coincide además con el autoinforme de acreditación se centraliza en el Informe de Revisión por la Dirección. Este informe se publica en la web del centro y es accesible a través del enlace: <a href="https://csc.uvigo.es/calidade/titulacions/informes-da-direccion/">https://csc.uvigo.es/calidade/titulacions/informes-da-direccion/</a>	1	Completado
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	10/12/2021	En el curso académico 20-21, el Máster Universitario en Dirección Pública e Liderazgo Institucional, superó el preceptivo proceso de renovación de la acreditación. Se adjunta el informe final recibido desde ACSUG	1	Completado
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	10/12/2021	No procede. Esta titulación no fue sometida a un proceso de seguimiento interno por parte de la Universidad, entre otros motivo por estar inmerso en un proceso de evaluación externa de Renovación de la Acreditación	0	Completado
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	13/11/2020	No procede	0	Completado
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	13/11/2020	No procede	0	Completado
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	29/10/2021	Se adjunta informe de coordinación del Máster Universitario en Dirección Pública e Liderazgo Institucional.	1	Completado
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	30/06/2021	No procede, el máster no tiene prácticas curriculares.	0	Completado

R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	15/12/2021	Se adjunta el informe de evaluación docente anual del Máster en Liderazgo. Se adjunta en formato .xls porque la Unidad de Análisis y Sistemas (UAP) ha tenido un problema técnico que ha impedido generar el informe en PDF.	1	Completado
---	--	------------	--	---	------------

<b>Listado de Rexistros P04M176V01 - Máster Universitario en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais</b>					
<b>Rexistro</b>	<b>Procedemento</b>	<b>Data límite de entrega</b>	<b>Observacións</b>	<b>Docs Adxuntos</b>	<b>Estado do rexistro</b>
R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	15/01/2021	No procede. Durante el curso 2020-2021 no se ha iniciado un proceso de modificación de la memoria del Máster en Comunicación en medios sociales y creación de contenidos digitales.	0	Completado
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	30/12/2020	No procede. Durante el curso 2020-2021 no se ha iniciado un proceso de acreditación del Máster en Comunicación en medios sociales y creación de contenidos digitales.	0	Completado
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	28/02/2021	El informe de seguimiento que en este curso académico coincide además con el autoinforme de acreditación se centraliza en el Informe de Revisión por la Dirección. Este informe se publica en la web del centro y es accesible a través del enlace: <a href="https://csc.uvigo.es/calidade/titulacions/informes-da-direccion/">https://csc.uvigo.es/calidade/titulacions/informes-da-direccion/</a>	1	Completado
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	10/12/2021	No procede. De acuerdo con RD 822/2021 el Máster Universitario en Dirección Pública pasará el preceptivo proceso de renovación de la acreditación en 2024.	0	Completado

R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	10/12/2021	No procede. Esta titulación no fue sometida a un proceso de seguimiento interno por parte de la Universidad durante el curso 2020_21.	0	Completado
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	13/11/2020	No procede	0	Completado
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	13/11/2020	No procede	0	Completado
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	29/10/2021	Se adjunta informe de coordinación del Máster Universitario en Comunicación en Medios Sociales y Creación de Contenidos Digitales	1	Completado
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	30/06/2021	Se adjuntan los criterios de asignación para las prácticas curriculares del Máster	1	Completado
R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	15/12/2021	Se adjunta el informe de evaluación docente anual del Máster en Comunicación. Se adjunta en formato .xls porque la Unidad de Análisis y Sistemas (UAP) ha tenido un problema técnico que ha impedido generar el informe en PDF.	1	Completado

### III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO - SEGUIMIENTO DAS TITULACIÓNS

#### *Seguimento da titulación de Grao en Comunicación Audiovisual*

#### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

**Estándar:** o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

##### Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

O programa académico do Grao en Comunicación Audiovisual da Universidade de Vigo mantén a súa vixencia como titulación de alta demanda (52 prazas cubertas sobre 45 de oferta e 92 solicitantes de primeira opción que aumentan ata 125 na segunda) a pesares de ter rexistro un pequeno descenso no índice de satisfacción do alumnado, que pasou do 3,36 puntos no curso 2019-2020 a un 2,52 no curso 2020-2021. Sen dúbida este cambio garda relación directa coa ausencia dun Coordinador de Grao derivada, a súa vez, da falla de recoñecemento académico deste figura a pesares da importante responsabilidade que asume na xestión do título, de tal xeito que non se conta con docentes dispostos a desempeñar esta función. Atopámonos, por tanto, con que os datos de satisfacción do alumnado os distintos bloques durante o curso 2020-2021 non chega aos tres puntos en case ningún dos ítems (cunha media de 2,64 puntos). Especialmente importante é a valoración de 2,52 puntos do bloque de Organización e Desenvolvemento, onde se marca unha baixada respecto a cursos anteriores. Fronte a este dato negativo, atopamos a valoración de 3,25 puntos dos recursos humanos, nunha clara valoración do profesorado do Grao en Comunicación Audiovisual.

A pesares disto, as consecuencias deste grave problema de xestión non se teñen percibido inda nos egresados sendo o índice de satisfacción das persoas superior 3 puntos sobre un máximo de 5, excepto no curso 2017/18 (2,97) e chegando no 2020-2021 de 3,5 puntos. A análise por bloques dos últimos resultados arroxa datos moi homoxéneo nos últimos anos, oscilando entre os resultados do bloque 3 referidos ao sistema de garantía, por baixo do 3 pero en clara evolución positiva: 2,16 en 17/18, 2,3 en 18/19, 2,65 en 19/20 e 3,00 no 20/21; e os resultados asociados ao bloque de organización e desenvolvemento, sempre por encima do 3 pero quedándose nun 3,00 no 20/21, nun claro reflexo dos problemas de organización xa referidos e converténdose na cualificación máis baixa do sistema xunto co bloque de Sistema de Garantía de Calidade (3,00). Debemos destacar, ademais, a boa consideración das prácticas externas (4,22) e recursos humanos (3,68) o que nos da unha idea de qué modelo de docencia están valorando máis os egresados, dando por válido un modelo no que, unha vez máis, son maioritarios os profesores asociados (16) e minoritario o profesorado titular (7). O perfil práctico do profesorado asociado é moi valorado polos estudantes e a pesares da configuración dos recursos humanos, estase cumprindo coas demandas dos estudos de calidade ao contar xa con 13 sexenios de investigación entre o profesorado.

Durante o curso 19/20, a titulación presenta unha modificación do plan de estudos ao fío do argumentado no “Informe de especialización CAV Uvigo” (que se achega xunto coa memoria do título), no que se dá resposta a un requirimento por parte de goberno autonómico da necesidade de especialización no caso de títulos multiplicados con alta demanda. Para iso requírese que de acordo co “Informe sobre posibilidades de homoxeneización e diferenciación dos graos de comunicación

audiovisual impartidos no sistema universitario galego” elabórase unha modificación do plan de estudos que, no caso da Universidade de Vigo, artículase a través da especialización en Produción e realización de contidos audiovisuais. Desta forma adáptase así a unha das especialidades suxeridas polo informe: “Deseño de produción e posproducción audiovisual e sonora”. Así mesmo, para responder ás novas competencias específicas do mundo dixital, a modificación do plan de estudos pasa a ofertar un abanico de 15 materias optativas divididas en tres itinerarios que vertebrarían a adquisición das devanditas competencias: Produción e realización de produtos lineais, creación audiovisual en medios interactivos e publicidade audiovisual.

A implantación do novo título avanzou de forma adecuada e conseguiuase unha **estrutura da docencia** máis establece que permitirá una menor flutuación dos grupos de aula nos vindeiros cursos, paliando un problema detectado no curso 2019-2020 que tiña consecuencias negativas na organización docente e a xestión dos espazos do centro. No momento actual o título antigo mantén un TMG de 30 estudantes nos grupos de teoría e 12,3 nos grupos de prácticas mentres que o novo título chega aos 50 estudantes nos grupos A de teoría, 17,86 nos grupos de prácticas e 16,67 nos de seminario. Deste xeito se está conseguindo unha optimización de espazos e de horas de docencia coa totalidade dos estudantes nos grupos de teoría cunha carga horaria menor e uns grupos de prácticas equilibrados e coa posibilidade de crear grupos de traballo equilibrados e eficientes.

A participación do alumnado nos **programas de mobilidade** tense visto afectada pola situación da COVID-19. A mobilidade rexistraba boas cifras: no 17/18, 22 alumnos saíron do noso centro, 17 a universidades estranxeiras, 5 a nacionais. 9 alumnos de universidades internacionais integráronse no noso alumnado ese curso. No relativo ao curso 2020-2021 a cifra total situouse en 5 alumnos saíntes e 3 entrantes, inda que os datos de solicitudes que se presentaron este ano de cara ao curso 2021-2022 xa fan prever unha recuperación das cifras anteriores á pandemia.

No relativo á atención do alumnado, unha vez máis, debemos facer alusión a ausencia do Coordinador de Grao o que supuxo unha menor actividade da Comisión Académica do Grao en Comunicación Audiovisual, delegada da Xunta de Facultade do centro. Dita comisión era a responsable de articular o **sistema de vixilancia e seguimento de implantación das competencias do título**, así como da escoita e comunicación tanto do colectivo de alumnado a través dos titores de PAT como coa dirección do centro e co profesorado. O seguimento e os correspondentes informes de PAT foron realizados con sen continuidade no curso 2020-2021.

Nos poucos **informes de PAT** recompilados faise alusión a problemas no relativo a organización dos grupos de prácticas xa que os estudantes se dividen por orde alfabética pero non se contaba con listaxes de matrícula actualizados ao ser o período da mesma máis lonxe que o do comezo de clases. Ademais dos referidos informes de PAT, a Coordinación do título a través do Decanato do centro (en ausencia de coordinador) permitiu levar a cabo os procedementos habituais:

- 1.- Elaboración das guías docentes e modificación ou adaptación das competencias nas materias. As mesmas foron aprobadas na Xunta de Facultade sen incidencias.
- 2.- Coordinación entre materias. Non se rexistrou ningunha incidencia a este respecto.
- 3- Reunións de módulo. Sen incidencias.
4. Informes de PAT. Xa aludidas con anterioridade.

As **prácticas externas** están recollidas no plan de estudos como unha materia de 12 créditos ECTS. Dada a peculiaridade destes contidos formativos cóntase cun coordinador ou coordinadora de prácticas que é membro nato da Comisión do Grao. Neste foro mantense información constante do desenvolvemento desta materia. Cada curso académico realízase unha revisión do desenvolvemento das prácticas, elabórase unha listaxe coas empresas dispoñibles e o número de prazas ofertadas,

sempre tendo en conta os resultados do curso académico anterior. Debemos engadir que o sistema conta con informes finais do alumno, o empregador e o titor académico, nos cales se recollen impresións e valoracións do estudante pero tamén unha estimación das súas habilidades realizada polo empregador.

Non podemos perder de vista que os convenios para a realización de prácticas externas de este e todos os títulos de Universidade de Vigo son xestionados de forma institucional, centralizando a firma destes e xeneralizando a súa xestión de forma que a oferta dirixase a toda a universidade e non só a uns títulos limitados. A información a este respecto pode consultarse, por tanto, de forma directa, na web da Universidade.

Debe facerse especial mención ao **Traballo de Fin de Grao (TFG)** xa que este foi obxecto dun especial seguimento durante o curso 2020-2021 buscando melloras con respecto a cursos anteriores no relativo a taxa de éxito e de finalización. O Coordinador de TFG empregou un pormenorizado de prazos e avisos para tentar frear a tendencia de estudantes que non finalizan o proxecto. Como resultado final, segundo o informe elaborado polo coordinador:

No curso 2021-2022 matriculáronse 67 alumnos dos que 47 foron de primeira matrícula e 20 repetidores. Trátase dunha proporción moi alta que garda relación coa COVID, que restrinxiu o acceso ao material audiovisual. Os alumnos de primeira matrícula rexistraron bos resultados contando tan só con 5 non presentados. A taxa de repetidores de primeira convocatoria ten baixado de 26.8% ao 10,6%.

A revisión de datos tamén fai ver que a “taxa de abandono” e os “non presentados” aumenta co número de convocatorias, o que expresa unha clara desmotivación do alumnado e que se incrementa co número de matrículas que se vai consumindo. Deste xeito, semella preciso continuar con medidas que incentiven a presentación do TFG na primeira matrícula.

**Puntos débiles detectados:**

- Ausencia de Coordinador/a de Grao.
- Mellora na recollida de informes PAT.
- Mantemento de medidas para fomentar a presentación dos TFGs en primeira matrícula.

**Accións de mellora a implantar:**

- Necesidade de implicar ao profesorado para contar cun Coordinador/a de Grao.
- Reactivar o sistema de PAT segundo o establecido na normativa.
- Continuidade nos plans de mellora vencellados co fomento da presentación do TFG.

**Evidencias nas que basea a valoración:**

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(graio)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

**Indicadores nos que se basea a valoración:**

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso  
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso  
I02-AC: Ocupación  
I03-AC: Preferencia  
I03(2)-AC: Adecuación  
I04-AC: Matrícula de novo ingreso por preinscripción  
I15: media de alumnos por grupo de docencia.

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA**

**Estándar:** A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Toda a información relevante do título está publicada na web da Universidade de Vigo e na da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, e entre as dúas existen conexións. No espazo que a Universidade de Vigo destina ao grao de Comunicación Audiovisual atopamos toda a información recollida na memoria do título e de interese público: descrición do título, saídas profesionais, obxectivos xerais da titulación, mobilidade, regulamentos e normativa aplicable. Ademais desta información principal pódese acceder ao portal de admisión e matrícula da Universidade para os alumnos de novo ingreso. A web tamén proporciona unha información completa sobre todas as materias que se imparten no grao (Guías docentes: competencias, resultados de aprendizaxe, contidos, planificación, metodoloxías docentes, atención personalizada, avaliación, bibliografía, recomendacións e plan de continxencia) e sobre o profesorado (categoría, contacto, departamento, docencia nos 10 últimos cursos, titorías e traballos dirixidos).

A páxina web do centro, coa ligazón á información xeral sobre o grao, e a información dinámica do mesmo (horarios, profesorado, exames, guías docentes, etc..) accesible tamén desde a portada do centro a portada en apartado específico da titulación, que permite un acceso á información máis dinámica, materias e profesorado, guías docentes e coordinación; e achegando tamén información sobre aquelas cuestións que cada curso é necesario actualizar: horarios, espazos dedicados á docencia e exames.

“A Canteira” ocupa un espazo principal en en a web do centro, unha iniciativa orientada a buscar a empregabilidade do alumnado de Comunicación Audiovisual e a visibilidade do título. A web é un portal no que os egresados presentan os seus traballos co obxectivo de que as empresas tivesen a posibilidade de coñecer mellor o seu talento á vez que se visibiliza a titulación e as competencias adquiridas polos alumnos.

En definitiva, a información relevante sobre o título é pública e atópase dispoñible, en tempo e forma para os axentes implicados a través de web do centro e da titulación. A accesibilidade da información sobre a titulación é dos epígrafes valorados de forma máis consistente polos alumnos nas enquisas de satisfacción.

**Puntos febles detectados:**

- Non se detectan.

**Accións de mellora a implantar:**

- Non se contemplan.

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE**

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:**

A Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación conta cun Sistema de Garantía de Calidade (SGIC) recollido no correspondente Manual de calidade e o desenvolvemento de todos os procedementos estratéxicos. Precisamente estes procedementos son os que permiten o bo funcionamento no relativo á recollida da información de forma continua e directa. O bo funcionamento da Comisión de Calidade garante, ademais, a análise do resultados e facilitar unha toma de decisións por parte do equipo de dirección en base a datos obxectivos e sempre tendo en conta o marco da Memoria do Grao (e as súas posteriores modificacións) como os Informes de Dirección.

Coa intención de contar cun sistema garantista, a incorporación do responsable de Calidade do centro na Comisión Académica do Grao en Publicidade e Relacións Públicas garante que os procedementos do SGIC funcionan de forma correcta. A Comisión de Grao é o foro onde se tratan os aspectos relacionados coa docencia e o correcto desenvolvemento do Grao, polo que é nesta Comisión centralízanse as principais incidencias que se poden producir.

Obviamente, dentro do relativo á calidade do centro ten un especial papel o Plan de Acción Titorial (PAT). En caso do Grao en Comunicación Audiovisual noméanse catro titores (un por cada un dos cursos) que realizan entre dous e tres reunións anuais de seguimento (inicio do curso, final do primeiro semestre e final do segundo semestre). No curso 2020-2021 non se puideron completar eses informes debido á ausencia dun Coordinador de Grao que pivotara esa xestión, sendo necesario normalizar esta situación durante o curso vixente.

Ademais do seguimento regrado a través do PAT, tamén se buscan outras medidas que contribúen ao correcto desenvolvemento do grao. A coordinación de grao encárgase de convocar reunións con alumnado, coa coordinación de TFG, coa coordinación de prácticas, co profesorado, etc.

Finalmente, a Universidade conta cun procedemento de suxestións e reclamacións, a través da Secretaría En liña, denominado “Caixa de correos QSP” en base á correspondente normativa de queixas, suxestións e felicitacións da universidade. O sistema encárgase de dar trámite ás demandas presentadas de tal forma que as mesmas se dirixan directamente ao responsable institucional das mesmas. Establécese un prazo de 15 días para dar resposta.

A plataforma do SGIC conta cunha utilidade para a xestión das accións de mellora que se establecen ante as debilidades detectadas en cada titulación. Este sistema permite a consulta desas debilidades e establece unha revisión anual dos resultados e o desenvolvemento de cada título a través do Informe de Revisión pola dirección contemplándose tamén a posibilidade de que se realicen avaliacións externas ligadas a programas de calidade. O SGIC contempla, en calquera caso, un sistema de seguimento do título, indicando ademais procedementos para modificacións que poidan contribuír á mellora do mesmo. O programa facilita a “trazabilidade” das accións.

Como xa se indicou, a integración do responsable de Calidade nas Comisións Académicas dos distintos títulos contribuíu a mellorar os procedementos de calidade en termos de implicación dos distintos grupos de interese (profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos). Con todo, segue sendo necesario mellorar os resultados de valoración do SGIC por parte do alumnado, aínda que se entende que devanditos resultados gardan relación coa falta de coñecemento sobre o mesmo.

**Puntos febles detectados:**

- SGIC non acreditado.
- PAT incompleto.

**Accións de mellora a implantar:**

- Poñer en marcha o proceso de acreditación do SGIC
- Reactivación do sistema de PAT

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC  
EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

**I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro**

## CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O profesorado que participa no Título é suficiente e o seu grao de dedicación, a súa cualificación e experiencia son adecuados para levar a cabo o plan de estudos proposto. Neste curso contemplouse unha mellora no relativo a consecución de sexenios de investigación e á consolidación de prazas de profesorado. De tódolos xeitos mantense unha importante presenza de profesorado asociado respostando así ao modelo previsto e á orientación práctica do título, a súa sensibilidade á evolución industrial e os seus procesos e a posta en valor do establecemento de nexos co sector industrial naquelas materias, fundamentalmente os dous últimos cursos da titulación, que mostran unha carácter máis profesionalizante.

O departamento con maior presenza na titulación é o de Comunicación Audiovisual e Publicidade, seguido de Departamento de Xornalismo con e outros 3 departamentos (Dereito Administrativo, Comercialización e Investigación de Mercado e Ciencias Política e da administración) e os departamento de Filoloxías Galega e Portuguesa, Língua española e Organización de Empresas).

No referido á experiencia docente podemos afirmar que máis do 70% do profesorado a tempo completo ten un mínimo de 10 anos de experiencia docente na titulación. Os CVs do profesorado e materias impartidas están accesibles así mesmo na páxina web do Grao, nas apartado “materias e profesorado”:

<https://csc.uvigo.es/comunicacion-audiovisual/profesorado-comunicacion-audiovisual/>

A participación das e os docentes nos programas de formación e mobilidade é adecuada aos obxectivos expostos na memoria aínda que non dispoñemos de datos asociado ao curso 2020/21.

Os resultados das enquisas de satisfacción cumpren as metas de calidade nos cursos dos que hai datos dispoñibles e tanto para profesorado, estudantes e graduados.

Polo demais, no caso do título, non se evidenciaron incidencias relacionadas co persoal docente ou de administración e servizos. A aplicación e posta en marcha dun novo regulamento de préstamo de material audiovisual solucionou as incidencias que en cursos anteriores detectáronse ao respecto en relación co gabinete audiovisual do centro.

**Puntos febles detectados:**

- Non se detectan.

**Accións de mellora a implantar:**

- Non se contemplan.

**Evidencias nas que se baseou valoración:**

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da

universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

## CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Na páxina web do centro ofrécese unha ampla e completa información sobre as instalacións e recursos cos que conta o centro e por conseguinte a titulación:

<https://csc.uvigo.es/servizos/instalacions/>

<https://csc.uvigo.es/servizos/>

Comunicación audiovisual da Universidade de Vigo é unha titulación que require dun investimento constante na actualización de equipos debido tamén á alta volatilidade da tecnoloxía asociada á actividade académica do título.

Así, ademais dos fondos específicos destinados a laboratorios que permitiu a mellora de equipos informáticos para o tratamento de imaxes en postproducción, así como da compra de cámaras e equipamento específico asociados a novas materias da renovación do plan de estudo, destinouse unha partida específica á renovación do equipamento asociado ao estudio de TV. Así mesmo mellorouse o equipamento asociado a contornas de creación audiovisual non convencional, equipamento para a creación audiovisual en tempo real e contornas comunicativas interactivas.

Desde a súa implantación, a web de reserva de material someteuse a unha actualización e mellora constante atendendo a: altas e baixas do material dispoñible, a implantación de restricións e permisos encamiñadas a unha mellora no servizo e a xestión da base de datos de usuarios.

No segundo semestre do curso 2019/20 e para dar resposta á crise sanitaria desenvólvese así mesmo un Manual de Actuación con Medios Audiovisuais para PDI e PAS. Así mesmo impleméntase Campus Remoto, unha ferramenta de streaming de vídeo para a docencia que ofrece un espazo virtual por cada espazo físico do centro. Tamén se integra a última versión de Moodle dentro do espazo privado de cada docente.

En canto ao sistema de acollida, guía e información ao alumno, o centro conta con tres vicedecanatos - alumnado, comunicación e calidade - que dedican esforzos para facilitar e mellorar a integración do alumnado. A maioría destas estratexias canalízanse a través da web do centro nalgún punto. Así, no apartado de estudantes, na portada da páxina, pódese acceder a: desde unha guía de benvida xenérica a unha específica do centro, pasando por información de acceso habitual como calendario académico, información sobre recoñecemento de créditos, prácticas ou TFG. Tamén se inclúe información sobre mobilidade aínda que existe un menú específico na web “Students Mobility” que é de uso común tanto para alumnos externos de acollida como alumnos propios que desexan ou están a gozar de programas de mobilidade. No apartado de calidade hai un acceso para a presentación de queixas, suxerencias ou felicitacións e desde o Vicedecanato de comunicación hai un fluxo constante de información a través de redes sociais, correos electrónicos ou as pantallas físicas do centro.

Por último, mencionar que todos os anos a biblioteca imparte cursos de formación dirixidos ao alumnado do Grao de comunicación audiovisual tanto presenciais como virtuais a través da plataforma Moovi.

<b>Puntos febles detectados:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Obsolescencia do estudio de TV</li> </ul>	<b>Accións de mellora a implantar:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Adicar unha partida do orzamento específico anual á renovación do Plató de Televisión</li> <li>• Procura de fontes alternativas de financiamento asociadas á especialización do título e garantir a creación dun novo plató.</li> </ul>
<b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b> E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares. E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas	
<b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b> I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas I11: N° de alumnado por centro de prácticas. I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	

## CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

<b>Estándar:</b> Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación. Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.	
<b>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</b>  A taxa de éxito global do título leva manténdose de forma constante durante os tres últimos cursos nun 99% e repetiu a mesma cifra no curso 2020-2021. Deste xeito, unha vez máis, debe incidirse na necesidade de que os estudantes rematen os seus TFG nos prazos establecido xa que, a pesares da taxa de éxito indicada a taxa de gradación queda nun 85%. Chamamos á atención sobre a notable mellora da taxa de abandono que pasou do 23,53% en 2018-2019 a un 10,64% en 2019-2020 e finalmente ao 4,88% no 2020-2021. En canto aos resultados por materia, as taxas de éxito presentan unha tendencia constante e, durante o curso 20-21, aportaron cifras positivas de forma que só unha materia se sitúa por debaixo do 90% (cun 85%).  Non se evidencian incidencias relacionadas cos resultados de aprendizaxe.	
<b>Puntos febles detectados:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Non se detectan.</li> </ul>	<b>Accións de mellora a implantar:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Non se contemplan.</li> </ul>
<b>Evidencias nas que se se baseou la valoración:</b> E4: Guías docentes das materias E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e calificación) E25/: Informes de cualificación por materia EA11: Informes de prácticas	
<b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b> I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análisis xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)	

**CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO**

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Tal e como reflicte o indicador I13, os datos de matriculación están asociados a unha titulación de alta demanda, tal e como lanzan os datos do últimos tres cursos académicos. No curso 2020/21 presentou unha nota mínima de admisión de 9,3.

Os indicadores por materia mostran poucas variacións nos tres cursos avaliados presentando de forma xeral taxas de rendemento, éxito e avaliación por encima do 90%, con excepción fundamentalmente do traballo de fin de grao. Con todo este presenta unha mellora constante nos tres indicadores e fannos pensar que a mellora dos procesos de coordinación de TFG, xunto co labor de titorización do profesorado están a ser efectivas neste sentido. Para aquelas materias que presentan taxas por baixo da media, detéctase en case todos os casos unha mellora do curso 19/20 ao 20/21, tal e como se pode comprobar no cadro resumen dos indicadores por materia incluído no apartado I12.

No relativo á satisfacción do alumnado seguen producíndose dificultades para garantir a participación que no último curso analizado se sitúa no 17.02%. En calquera caso é preciso seguir incidindo en labores de concienciación por parte do profesorado implicado para mellorar a representatividade da enquisa.

No relativo ao alumnado os ítems mellorar valorados son a atención do persoal de administración e servizos do centro e o peor a coordinación entre as materias do plan de estudos.

O profesorado amosa unha moito mellor participación (entre 40 e 50%) e considera como o máis positivo as prácticas que se ofertan na titulación sendo o negativo o mal estado dos Laboratorios e Aulas de informática.

En canto ao PAS cun 14% de participación, considera positiva a dotación do PAS adscrito e amosa as súas dúbida sobre o sistema de xestión e mellora da calidade.

O Grado de Comunicación Audiovisual da Universidade de Vigo, tamén o avala o último Estudo sobre a inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013/2014 realizado pola ACSUG, con alumnos matriculados no curso 2013/14, onde se recolle que o 73,33% dos alumnos titulados en Comunicación Audiovisual traballa actualmente, de media tardaron 8 meses en atopar o seu primeiro traballo, onde o 100% fano por conta allea, cun contrato indefinido o 33% e cun salario neto medio de mensual de 904 euros. Ademais, o 87,5% desenvolven no seu traballo funciones específicas da súa titulación e o 100% aseguran que volverían cursar a súa titulación na mesma universidade, reflectindo así o alto grao de satisfacción co itinerario académico destes estudos de grao.

A desagregación dos datos da inserción laboral por titulación pódese consultar na web da ACSUG:

<http://www.acsug.es/gl/node/5104>.

**Puntos febles detectados:**

- Coordinación de materias.
- Información sobre o SGIC.

**Accións de mellora a implantar:**

- Reactivación do sistema de módulos.
- Mellorar a información sobre o SGIC

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

**Indicadores:**

- I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
- I12: Evolución dos indicadores de resultados
  - Tasa de graduación
  - Tasa de abandono
  - Tasa de eficiencia
  - Tasa de rendemento
  - Tasa de éxito
  - Tasa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
- I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
- I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
- I010-D0: Duración media dos estudos

***Seguimento da titulación de Grao en Publicidade e Relacións Públicas*****CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO**

**Estándar:** o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

**Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:**

O interese académico do título mantense e mesmo incrementa ao longo dos anos. A alta demanda do título demostrase cos datos de ocupación do mesmo, sempre ao 100% (o 109% en 2020-2021). Desta forma, confirmamos que existe unha demanda estable para este Grao que, ademais, posicionouse como un título actual. De feito, o grao de satisfacción dos estudantes que están a cursar este Grao sitúase no entorno dos tres puntos sobre cinco (3,00 en 2017-2018; 3,17 en 2018-2019, 3,02 en 2019-2020 e 2,83 en 2020-2021) demostrando unha boa saúde e vixencia, aínda que cunha necesidade de actualización do plano de estudos da que se falará máis adiante.

Os novos requisitos da disciplina aténdense claramente nos contidos deseñados e este extremo confírmase no relativo ao perfil formativo dos egresados en Publicidade e Relacións Públicas, que mantivo, durante estes anos, a súa relevancia. Iso dedúcese da valoración recollida cada ano a través da enquisa realizada ao alumnado que deixou as aulas e cuxo resultado se envorca nos informes de satisfacción.

O índice global de satisfacción das persoas tituladas é sempre superior ao 3 (a puntuación máxima é 5) e moi similar nos catro últimos cursos académicos: 3,40 o curso 2017/18, 3,09 o curso 2018/19, 3,15 o curso 2019/20 e 3,51 o curso 2020-2021. Se analizamos a puntuación por bloques os resultados son moi similares na maioría deles, pero reciben unha especial valoración o Bloque 1, referido á Organización e desenvolvemento, cun 2,87 no curso 2020-201 (3,15 no curso 2019/20) e o Bloque 4, Recursos Humanos, que cun 3,40 no curso 2020-2021 é o mellor puntuado. Con todo, a cualificación global baixa un pouco porque a simple desviación nalgún dos bloques fai baixar a avaliación total.

Pero non só estes informes de satisfacción avalan o perfil formativo dos egresados no Grao de Publicidade e Relacións Públicas da Universidade de Vigo, tamén o avala o último Estudo sobre a inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013/2014 realizado pola ACSUG, con alumnos matriculados no curso 2013/14, e publicado recentemente onde se recolle que o 87,18% dos alumnos titulados en Publicidade e Relacións Públicas traballa actualmente, de media tardaron 8 meses en atopar o seu primeiro traballo, onde o 91,18% fano por conta allea, cun contrato indefinido o 48% e cun salario neto medio de mensual de 1.129,41 euros. Ademais, o 82,6% desenvolven no seu traballo funcións específicas da súa titulación e o 96,43% aseguran que volverían cursar a súa titulación na mesma universidade, reflectindo así o alto grao de satisfacción co itinerario académico destes estudos de grao.

A desagregación dos datos da inserción laboral por titulación pódese consultar na web da ACSUG: <http://www.acsug.es/gl/node/5104>.

A Comisión Académica do Grao, coa colaboración de todos os profesores/as do título, realizou no ano 2015 unha revisión das competencias da titulación. Con esta revisión quíxose dar resposta á recomendación da ACSUG que no seu informe provisional, tras o proceso de renovación da acreditación de título en 2014, recomendaba corrixir uns desaxustes detectados entre as competencias recollidas na memoria verificada do título e as competencias recollidas nas guías docentes das materias, e tamén para adaptalas ao novo sistema de clasificación das competencias establecido na Universidade de Vigo (competencias básicas, competencias xerais e competencias específicas) e aos cambios e necesidades da titulación.

Esta actualización das competencias aprobouse na Comisión Académica celebrada o 11 de maio, e na Xunta do Centro do 22 de maio. Desde entón traballouse coas mesmas competencias, e as metodoloxías docentes, os sistemas de avaliación e cualificación recollidas durante estes anos nas Guías docentes axústanse ás fichas das materias recollidas na memoria verificación e permiten a consecución das competencias.

En relación con esta actualización das competencias, a ACSUG sinalou no seu Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación do título de Grao en Publicidade e Relacións Públicas, emitido o 22 de xuño de 2021, a necesidade de iniciar o proceso de modificación do plan de estudos, a fin de garantir que os seus estudantes desenvolvan

todas as competencias requiridas polos novos perfís de especialización profesional “nun mercado publicitario altamente dinámico”, incorporando como materia obrigatoria as prácticas externas e logrando un mellor equilibrio na carga de traballo entre as distintas materias. Tanto a Xunta de Facultade como a Comisión Académica do Grao se teñen pronunciado a favor desta actualización do plan de estudos, que se debe concretar ao longo do curso 2021-2022.

En canto ao tamaño dos grupos, mantívose máis ou menos estable ao longo destes cursos. A PDA do grao non sufriu grandes cambios e os tamaños medios dos grupos mantense máis ou menos estable. A razón é que o número de alumnos/as que cada ano inicia os seus estudos no grao non sufriu grandes alteracións durante os últimos cursos. O límite de prazas para o acceso en 1º mantense en 100 alumnos, e a única modificación no límite de prazas que se fixo é sobre o número de alumnos/as que poden acceder aos estudos solicitando a admisión por recoñecemento, que no curso 2019/2020 pasou de 10 a 5 e así se mantivo no curso 2020/2021. Esta decisión de reducir o número de prazas aprobouse por primeira vez na Comisión de Grao celebrada o 8 de febreiro de 2018 (e ratificada a Xunta de Facultade con posterioridade), e cada ano sométese a revisión, e aínda que pareza irrelevante axúdanos a manter os grupos de docencia, sobre todo a práctica, nun tamaño aceptable.

Os mecanismos de coordinación docente establecidos na memoria e que cada ano se desenvolven no título permiten controlar, analizar e reflexionar se realmente se cumpre o plan de estudos, evitando baleiros e duplicidades, controlando a adquisición de competencias e a evolución na aprendizaxe do alumnado. Desta forma, existen varios niveis de coordinación establecidos que funcionan en distintas fases da planificación docente, sendo a comisión académica de Grao o punto fundamental onde se resolve e dirime calquera problema que puidese xurdir, de forma anticipada.

No relativo á coordinación vertical, observamos como os procesos son claros e son moitos os docentes implicados nos mesmos en cada unha das coordinacións. En canto á coordinación horizontal, existen unha serie de procesos onde se consegue lograr esa coordinación, dunha forma máis concreta sería:

1. Elaboración das guías docentes. Partindo de que a coordinación entre materias resulta imprescindible, no proceso de elaboración das guías docentes ponse o foco nese aspecto. As guías son elaboradas polos docentes, revisadas polos coordinadores de módulo, tendo sempre como referencia as fichas de cada unha das materias recollidas na memoria, e apróbanse na Comisión de Grao, tendo que ser ratificadas na Xunta de centro. Publícanse na web do centro.

2. Planificacións das materias. Ao comezo de cada un dos semestres desde a coordinación do título pídese aos coordinadores/as das materias (profesores das materias ou, no caso de que sexan varios docentes, ao docente que consta en POD como coordinador) que elaboren planificacións temporais nas que se plasman semana a semana, segundo un modelo normalizado, os temas que se desenvolven nas sesións teóricas e os contidos das prácticas programadas na aula. Esas planificacións son revisadas, en primeiro termo, polos coordinadores/as de módulo, revisando de novo posibles duplicidades de contidos e tentando distribuír a carga de traballo e o sistema de avaliación continua de forma equilibrada; sendo sometidas, finalmente, a unha segunda revisión por parte do coordinador da titulación. Todas estas planificacións son publicadas ao inicio do semestre no espazo de cada materia no campus virtual da Universidade de Vigo ([moovi.uigo.gal](http://moovi.uigo.gal)).

3. Informes de PAT. Cando existe algún problema relacionado co contido ou o desenvolvemento da docencia dalgúna materia, détéctase facilmente nos informes de PAT, que de forma puntual os titores fan ao longo do curso académico. Estas incidencias son analizadas rapidamente coa coordinación do grao, quen o traslada á Comisión para decidir como actuar en cada caso para atopar unha rápida e efectiva solución.

As prácticas externas están recollidas no plan de estudos como unha materia de 12 créditos ECTS. Dada a peculiaridade destes contidos formativos, cóntase cun coordinador ou coordinadora de prácticas que é membro nato da Comisión do Grao. Neste foro mantense información constante do desenvolvemento desta materia. Cada curso académico realízase unha revisión do desenvolvemento das prácticas, elabórase unha listaxe coas empresas dispoñibles e o número de prazas ofertadas, sempre tendo en conta os resultados do curso académico anterior. Debemos ter en conta que o sistema é moi eficiente no relativo á valoración e seguimento xa que se conta con informes finais do alumno ou alumna, o empregador/a e o titor/a académico, nos cales se recollen impresións e valoracións do/a estudante pero tamén unha estimación das súas habilidades realizada polo empregador/a.

Non podemos perder de vista que os convenios para a realización de prácticas externas deste e todos os títulos da Universidade de Vigo son xestionados de forma institucional, centralizando a sinatura dos mesmos e xeralizando a súa xestión, de forma que a oferta se dirixa a toda a universidade e non só a uns títulos limitados. A información a este respecto pode consultarse, por tanto, de forma directa, na web da Universidade de Vigo.

As vías de acceso son as establecidas pola Universidade, conforme aos requisitos recolleitos no Real Decreto 69/2000, e sempre tendo en conta as notas de corte que cada ano se establecen. Así se recolle na páxina web de captación, onde, ademais da información básica do grao, tamén se informa sobre o perfil de ingreso en termos de características do estudante: “Persoas con capacidade crítica, analítica e interpretativa, con interese polas persoas e as súas relacións vinculadas á súa función na sociedade, con interese tamén pola comunicación e as súas estratexias, especialmente no ámbito publicitario”.

Anualmente, a través do Informe de Revisión pola Dirección, realízase unha análise ampla do perfil de ingreso do alumnado do Grao desde o punto de vista cuantificable. Tamén se analiza o perfil de egreso a través dos resultados académicos e da información achegada polas persoas tituladas e as entidades empregadoras no marco das enquisas de satisfacción coa titulación. Os bos datos recolleitos nestas enquisas confirman un bo desempeño profesional dos titulados, o que confirma, á súa vez, un perfil de ingreso adecuado. De feito, a taxa de éxito do título aumentou nos últimos anos, conseguindo un maior número de titulados, segundo datos do Ministerio de Ciencia e Innovación.

Todas as normativas son desenvolvidas segundo o establecido e a súa aplicación favorece a correcta evolución dos estudos de grao. Tanto a Normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e máster, como a de Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos son normativas da Universidade de Vigo que se aplican a todas as titulacións por igual, e o seu correcto desenvolvemento en cada unha das titulacións depende da Comisión de Docencia e alumnado de cada un dos centros.

Unha normativa que si é responsabilidade do Centro e da Comisión de Grao de cada unha das titulacións é o Regulamento para a realización do Traballo Fin de Grao. O Regulamento para a realización de Traballo Fin de Grao aprobado en Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 15 de xuño de 2016 e modificado o 13 de novembro de 2018, recolle no seu artigo 2.5 que será responsabilidade de cada centro desenvolver unha normativa interna aprobada pola Xunta de Centro para adecualo ás características propias de cada un dos títulos oficiais; así, o 22 de febreiro de 2017, apróbase o Regulamento para a realización do traballo Fin de Grao da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, que fíxo modificado o 23 de outubro de 2019. Neste regulamento establécese a definición e elaboración do traballo e as cuestións relacionadas coa súa tramitación administrativa, así como a tutorización, o procedemento da solicitude de defensa e a avaliación do TFG dos graos que se imparten na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

Con este novo regulamento, vixente no curso 2020-21, unificáronse desde o curso 2019/2020 os criterios de regulación de todos os TFG que se elaboran no centro, posibilitándose, así, o correcto funcionamento da ferramenta de xestión dos traballos habilitada pola Universidade de Vigo a través da Secretaría virtual de profesorado e alumnado e levándose a cabo todo proceso dun xeito moito máis áxil, claro e transparente.

Coa posta en marcha do novo regulamento de TFG estableceuse tamén o procedemento para a tramitación dalgúns fases que ata ese momento eran longas e algo confusas, porque requirían da intervención do PAS da administración do centro. Referímonos á solicitude de cambio de titor e á solicitude de co-tutorización, dous procedementos contemplados no regulamento e que son aprobados pola Comisión de Grao.

**Puntos débiles detectados:**

- Necesidade actualización do plan de estudos do Grao.

**Accións de mellora a implantar:**

- Redacción e aprobación dun novo plan de estudos.

**Evidencias nas que basea a valoración:**

E1: Memoria vixente do título.

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora.

E3: Perfil de ingreso do alumnado(graos).

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico).

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade.

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza.

- Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación.
- Alegacións e Plan de Melloras ao Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación.

**Indicadores nos que se basea a valoración:**

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescripción.

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia.

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...).

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros.

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso.

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso.

I02-AC: Ocupación.

I03-AC: Preferencia.

I03(2)-AC: Adecuación.

## CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Toda a información relevante do título está publicada na web da Universidade de Vigo e na da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, e entre as dúas existen conexións. No espazo que a Universidade de Vigo destina ao grao de Publicidade e Relacións Públicas atopamos toda a información recollida na memoria do título e de interese público: descrición do título, saídas profesionais, obxectivos xerais da titulación, mobilidade, regulamentos e normativa aplicable. Ademais desta información principal, pódese acceder ao portal de admisión e matrícula da Universidade para os alumnos de novo ingreso. A web tamén proporciona unha información completa sobre todas as materias que se imparten no grao (Guías docentes: competencias, resultados de aprendizaxe, contidos, planificación, metodoloxías docentes, atención personalizada, avaliación, bibliografía, recomendacións e plan de continxencia) e sobre o profesorado (categoría, contacto, departamento, docencia nos 10 últimos cursos, titorías e traballos dirixidos).

A páxina web do centro, coa ligazón á información sobre o grao, ofrece tamén toda a información relevante que a web da universidade dedica ao grao, pero faino dunha forma máis dinámica, prestando especial atención á información xeral sobre o título, materias e profesorado, guías docentes e coordinación, achegando, a maiores, información sobre aquelas cuestións que cada curso é necesario actualizar: horarios, espazos dedicados á docencia e exames. Aínda así, en relación coa páxina web da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, o Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación do título (ACSUG), sinala unha serie de melloras destinadas a mellorar a información e transparencia sobre o Grao: incluír a relación de convenios de prácticas externas e de mobilidade vixentes en cada curso académico, mellorar o acceso á información sobre as competencias xerais e específicas do título, ao perfil de acceso presente na memoria de verificación, ao procedemento de acollida dos novos alumnos/as e á normativa de permanencia, ademais de indicar de xeito claro as linguas nas que se imparte a titulación, a marxe de facelo xa, como se fai, nas guías docentes de cada materia.

<p>Ademais destas canles de información, desde o curso 2013/2014 a coordinación do Grao conta cun blog, ligado desde a páxina web da Facultade, no que se publican todas as cuestións actualizadas sobre as actividades de interese para o perfecto desenvolvemento dos estudos de grao (planificacións docentes, tribunais TFG, convocatorias de reunións, conferencias, axudas, etc.), unha ferramenta que, froito dos novos hábitos comunicativos, foi descendendo en importancia e que está a ser reformulada no contexto do deseño da nova páxina web do Centro.</p> <p>Cómpre destacar, por último, o papel de apoio que exercen os perfís en redes sociais da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, nos que se publican regularmente, tamén, todos os contidos e novas relevantes que se van producindo ao longo do curso, especialmente aqueles que teñen como principal público de interese ao alumnado do Grao.</p> <p>Os informes de satisfacción elaborados tras as enquisas realizadas anualmente ao alumnado de 3º e aos egresados e egresadas do título durante os tres últimos cursos académicos avalan o exposto sobre este punto de información e transparencia. Ambos grupos puntúan cun valor entre o 3,30, o alumnado do curso 2020/2021 (3,05 no curso 2019/2020) e un 3,85, os egresados (3,67 no curso 2019/2020) a accesibilidade e facilidade para atopar contidos na web. E sobre a utilidade da información publicada na web da titulación cualificana os egresados tamén cun 3,85 (3,5 en 2019/2020), mentres que o alumnado faino cun 3,2 durante os cursos 2017/2018 e 2018/2019, ascende no 2019/2020 a un 3,9 e no curso 2020/2021 volta ao 3,22. Se nos centramos no que estes informes de satisfacción realizados ao profesorado (cada 2 anos) recollen ao redor deste tema da información na enquisa realizada no curso 2018/2019 a cualificación ascendía ao 4,4 ao avaliar a información dispoñible sobre o desenvolvemento do ensino e a avaliación de aprendizaxes (horarios, calendario das probas de avaliación, actividades, cambios, etc.), cualificación que no curso 2020/2021 mantense en valores similares, concretamente nun 4,11.</p>	
<p><b>Puntos febles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Incrementar a información dispoñible sobre o título na páxina web da Facultade.</li> <li>• Necesidade de reformulación do blog do Grao en Publicidade e Relacións Públicas.</li> </ul>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Modificación da web do Centro, atendendo a todas as suxestións da ACSUG.</li> <li>• Substitución do blog por un espazo de novas dentro do apartado dedicado ao Grao en Publicidade e Relacións Públicas na nova páxina web da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, actualmente en fase de construción.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b>  E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II).  R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública.  QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación.</li> <li>▪ Alegacións e Plan de Melloras ao Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación.</li> </ul>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b>  I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.</p>	

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

**Estándar:** A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:**

A Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación conta cun Sistema de Garantía de Calidade (SGIC) recollido no correspondente Manual de calidade e o desenvolvemento de todos os procedementos estratéxicos. Precisamente estes procedementos son os que permiten o bo funcionamento no relativo á recollida da información de forma continua e directa. O bo funcionamento da Comisión de Calidade garante, ademais, a análise dos resultados e facilita a toma de decisións por parte do equipo de dirección en base a datos obxectivos, sempre tendo en conta o marco da Memoria do Grao (e as súas posteriores modificacións) e os Informes de Dirección.

Coa intención de contar cun sistema garantista, a incorporación do responsable de Calidade do centro á Comisión Académica do Grao en Publicidade e Relacións Públicas asegura que os procedementos do SGIC funcionan de forma correcta. A Comisión de Grao é o foro onde se tratan os aspectos relacionados coa docencia e o correcto desenvolvemento do Grao, polo que é nesta Comisión onde se centralizan as principais incidencias que se poden producir, ademais de ser onde se deciden as accións de mellora.

Obviamente, dentro do relativo á calidade do centro, ten un especial papel o Plan de Acción Titorial (PAT). No caso do Grao en Publicidade e Relacións Públicas noméanse catro títulos (un por cada un dos cursos) que realizan tres reunións anuais de seguimento (inicio do curso, final do primeiro semestre e final do segundo semestre). Esas reunións dan lugar a un informe por curso das cuestións tratadas en relación ás preocupacións do alumnado. Informes que se expoñen nas Comisións de Grao, onde se toman decisións e se adoptan medidas para a mellora continua da calidade do título. Ademais, de forma anual, a Comisión do Grao elabora un informe de PAT, que envía á Comisión de Calidade, con todas as accións realizadas.

Ademais do seguimento regrado a través do PAT, tamén se buscan outras medidas que contribúan ao correcto desenvolvemento do grao. A coordinación de grao encárgase de convocar reunións con alumnado, coa coordinación de TFG, coa coordinación de prácticas, co profesorado, etc. Todas estas reunións recóllense, cada curso académico, no Informe de Accións de Coordinación (E8).

Finalmente, a Universidade conta cun procedemento de suxestións e reclamacións, a través da Secretaría en liña, denominado “Caixa de correos QSP” en base á correspondente normativa de queixas, suxestións e felicitacións da universidade. O sistema encárgase de dar trámite ás demandas presentadas, de tal forma que as mesmas se dirixan directamente ao responsable institucional das mesmas, establecendo un prazo de 15 días para dar resposta. Nos tres cursos analizados rexistráronse 19 entradas neste sistema dirixidas ao centro, sen que ningunha delas se referise ao título de Grao en Publicidade e Relacións Públicas.

A plataforma do SGIC conta cunha ferramenta para a xestión das accións de mellora que se establecen ante as debilidades detectadas en cada titulación. Este sistema permite a consulta desas debilidades e establece unha revisión anual dos resultados e o desenvolvemento de cada título a través do Informe de Revisión pola dirección contemplándose tamén a posibilidade de que se realicen avaliacións externas ligadas a programas de calidade. O SGIC contempla, en calquera caso, un sistema de seguimento do título, indicando, ademais, procedementos para modificacións que poidan contribuir á mellora do mesmo. O programa facilita a “trazabilidade” das accións.

Tendo en conta eses parámetros os plans de mellora previstos desenvolvéronse nos seguintes procesos:

1. Accións de mellora segundo o Autoinforme de acreditación 2020-2021.
2. Accións comprometidas no documento de Alegacións e Plan de Melloras ao Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación.
2. Informe de Revisión do Sistema pola Dirección 2019-2020.

3. Estado de situación das melloras propostas nos informes anteriores.  
4. Estado de situación das melloras propostas no Informe para a avaliación interna de seguimento do título (2015-2016).

Como xa se indicou, a integración do responsable de Calidade nas Comisións Académicas dos distintos títulos, incluído o de Publicidade e Relacións Públicas, contribuíu a mellorar os procedementos de calidade en termos de implicación dos distintos grupos de interese (profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos). Con todo, segue sendo necesario mellorar os resultados de valoración do SGIC por parte do alumnado, aínda que se entende que estes resultados gardan relación coa falta de coñecemento sobre o mesmo, ademais de perfeccionar o sistema de recollida de información, mellorar a participación do estudantado e PAS nas enquisas de satisfacción e a eficacia dalgúns accións de mellora xa comprometidas.

Dunha forma clara, a existencia da plataforma do SGIC e a utilidade específica para a xestión das accións de mellora que se establecen ante as debilidades detectadas en cada titulación (ver apartado 3.2), permite unha análise e revisión máis sinxelas e directas, proceso no que se poden implicar a distintos públicos.

**Puntos febles detectados:**

- Baixo nivel de coñecemento do SGIC, o que supón unha mala valoración do mesmo.
- Sistema de Garantía de Calidade certificado en canto á súa implantación.
- Baixo nivel de participación de alumnado e PAS nas enquisas de satisfacción.

**Accións de mellora a implantar:**

- Incrementar as accións de comunicación en torno ao SGIC no centro, xerando unha cultura de calidade consolidada.
- Poñer en marcha o proceso de certificación de implantación do SGIC.
- Reforzo da comunicación xenérica que leva a cabo a UVigo, implicando ao profesorado e coordinadores de módulo e PAT.

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade.

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos).

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública).

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC.

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso.)

- Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación.
- Alegacións e Plan de Melloras ao Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación.

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade.

**I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro.**

## CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O actual sistema de contratación do profesorado, segundo as normativas vixentes de ámbito estatal e autonómico, garante que o persoal docente conta cun nivel de cualificación suficiente e cada vez máis competitivo.

Os datos apúntanos unha clara estabilidade do persoal docente, que se consolidou, precisamente, nos últimos cursos. A vinculación do persoal docente cos cargos institucionais da universidade, o centro e o departamento fan necesaria a

contratación de profesorado asociado que cobre temporalmente horas de docencia, á vez que achega unha perspectiva profesional moi enriquecedora para os/as estudantes.

Desde outra perspectiva, os currículos dos docentes están dispoñibles a través da web do centro, onde se pode corroborar o feito de que o persoal está conformado por profesionais de alta cualificación e unha notable proxección académica e experiencia (sumando 255 quinquenios). Debe destacarse, neste sentido, que os profesores de todas as categorías conta con sexenios de investigación (Táboa 4), e aínda que existe potencial para contar con máis recoñecementos nesta liña (75), o número alcanzando no curso 2020-2021 (30) resulta moi satisfactorio, xa que se conseguiu evolucionar ata que o 55,6% do profesorado total do título conte con sexenios (Gráfica 2). (E15), cifra que medra ata o 93,75% do profesorado se se teñen en conta unicamente as categorías profesionais susceptibles de solicitar este mérito.

No que respecta a a coordinación das materias de Prácticas Profesionais ou de Traballo de Fin de Grao, o nomeamento das profesoras que se encargan das mesmas é realizado pola Comisión Académica de Grao e confirmado na Xunta de Facultade. No último curso analizado facíase cargo das prácticas unha profesora con categoría de catedrática universitaria mentres que o TFG foi asumido pola anterior Coordinadora de Grao (Profesora Contratada Doutora).

En canto á formación continua do profesorado, a Universidade de Vigo conta cun programa de Formación Permanente do PDI que oferta cursos e talleres a través da plataforma “Bubela”. Son os profesores/as os que, de forma individual se inscriben nestas formacións específicas sobre habilidades docentes, existindo tamén oferta sobre actualización de distintos contidos a través do Vicerreitorado de Organización Académica e Profesorado. Desde o punto de vista do centro, existen programas de formación para o profesorado auspiciados polos departamentos, en concreto o Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade ofrece anualmente un programa de talleres dirixidos á mellora de competencias docentes, pero tamén á estratexia investigadora dos profesores/as. No momento actual os indicadores rexistrados sobre este ítem indican que se matricularon 13 docentes en programas de formación no curso 2017-2018; 4 en 2018-2019, 11 en 2019-2020 e 21 en 2020-2021.

No que respecta á mobilidade do profesorado, a Universidade conta unha ampla oferta de prazas de Erasmus+, que son aproveitadas polos docentes da titulación. Ademais deste programa de intercambio de profesorado con outras universidades de Europa, os docentes participan activamente noutros programas de mobilidade, aínda que vinculados a proxectos de investigación e non á formación docente. En concreto, rexistráronse 4 docentes en programas de mobilidade no curso 2017-2018; 6 en 2018-2019, 4 en 2019-2020 e 2 en 2020-2021.

Aínda así, en relación coa formación e mobilidade do profesorado o Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación do Título sinala a necesidade de incrementar o número de docentes que participen en accións formativas e en experiencias internacionais de investigación e docencia, incentivando estes aspectos desde a dirección do centro.

Os servizos específicos de apoio do centro están recollidos pormenorizadamente na web da Facultade. A Universidade puxo en marcha nestes anos unha centralización dos servizos do campus, polo que se trata dunha maior cantidade de persoal e áreas, aínda que se dedican a varios centros. Da mesma forma, a Universidade dispón dunha serie de servizos de apoio aos centros que son xerais (E16), pero dos que sen dúbida dependen o correcto desenvolvemento da docencia do Grao.

Ademais do anterior, o deseño da Relación de Postos de Traballo (RPT) da Universidade permitiu contar cun informe sobre os recursos humanos de apoio dispoñibles para o centro (E16), existindo unha necesidade de contratación para chegar ás cifras finais propostas que dependerá, en todo caso, da política de contratación da Universidade.

Desde outro punto de vista, podemos ter en conta os resultados da última enquisa de satisfacción do Persoal de Administración e Servizos do curso 2020-2021 (realízase bianualmente), referidos á Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Nese estudo o nivel de satisfacción xeral sobre a xestión da titulación é de 4 puntos sobre 5. Ademais disto, a propia opinión do PAS sobre os recursos humanos resulta moi positiva. Así, na pregunta sobre a valoración da dotación do PAS adscrito, obtéñense 4,5 puntos.

**Puntos febles detectados:**

**Accións de mellora a implantar:**

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Necesidade de incrementar o número de docentes que participan en accións de formación e de realizar un seguimento da mesma.</li> <li>• Baixa mobilidade internacional do profesorado e falta de seguimento sobre a mesma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaborar e executar un programa anual de formación do profesorado específico do centro, establecendo un rexistro da participación deste colectivo en programas de formación continua.</li> <li>• Creación da International Week (semana de workshops e charlas a cargo de profesorado estranxeiro) e incentivación da participación no programa Erasmus+, establecendo un rexistro da participación do profesorado en programas de mobilidade.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou valoración:</b></p> <p>E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve.</p> <p>E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.).</p> <p>R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación.</li> <li>▪ Alegacións e Plan de Melloras ao Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación.</li> </ul>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u>.</p> <p>I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas.</p> <p>I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.</p> <p>I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u>.</p> <p>I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.</p> <p>I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título).</p> <p>I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...).</p> <p>I02-PE: Cualificación do PDI.</p> <p>I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio).</p> <p>I03(2)-PE: Profesorado por categoría.</p>	

## CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

<p><b>Estándar:</b> Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as. Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.</p>
<p><b>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</b></p> <p><b>INFRAESTRUCTURAS</b></p> <p>A Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, que acolle o título, conta con espazos adecuados para o desenvolvemento dos diferentes tipos de docencia. De feito, diferénciase claramente entre as aulas de gran tamaño e distribución en banco corrido para os grupos A (clases teóricas de 50 alumnos) e os seminarios de pequeno tamaño para os grupos B e C (clases prácticas e seminarios de 25 estudantes). Ademais diso, podemos observar na descrición dos espazos do centro, a dispoñibilidade dun laboratorio de son e dous laboratorios de radio, un estudio de TV e un estudio de cinema, ademais dun estudio e laboratorio de fotografía; infraestrutura que se completa cunha aula de produción e dous laboratorios de posprodución, todos estes espazos específicos para o desenvolvemento das correspondentes materias do plan de estudos. No</p>

centro tamén se dispón de aulas de informática, de acceso a internet e de videoconferencia, que cobren as necesidades transversais de formación.

Mención especial merece neste punto o importante esforzo económico realizado no curso 2020-2021 para a renovación íntegra do control de realización do estudio de televisión, facéndoo totalmente dixital, cun formato HD 1920x1080. Trátase dun paso máis no proceso de modernización tecnolóxica do equipamento da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, que desde hai anos traballa xa nas fases de gravación e postproducción nunha contorna dixital, tanto en HD1080 como en 4 K, contando para iso con cámaras de vídeo, fotografía, cinema e equipos de edición e posproducción de audio e vídeo dixitais.

Tampouco podemos perder de vista que o deseño do plan de estudos require traballo autónomo do alumnado, na medida que os créditos supoñen só 1/3 de presencialidade. Por esta razón realizáronse notables esforzo por optimizar a dispoñibilidade de espazos de traballo autónomo ou en equipo para usar de forma independente polos estudantes. De feito, esta era unha das cuestións que, durante varios cursos, foi demandada polo alumnado e que conseguiu solventarse en cursos pasados.

En canto a recursos adicionais, o feito de que a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación sexa o edificio de maior tamaño do campus, supón que os alumnos/as do Grao dispoñan no mesmo do salón de actos principal (con 400 prazas), que acolle o desenvolvemento de congresos e actividades diversas e da Biblioteca Central do Campus, con 304 postos de lectura e recursos xerais e específicos do título. O desenvolvemento da actividade organizativa do centro e do título realízase na Sala de Xuntas (60 prazas) e nas dúas salas de reunións (12 e 24 postos cada unha). O feito de que o anterior título de Licenciatura xa contase con traballo de fin de carreira permitiu que a día de hoxe se dispoña no centro dun Salón de Graos, que é fundamental para a defensa de TFG, TFM e Teses de doutoramento.

Ademais dos espazos sinalados, sacouse partido ás zonas comúns do centro, coverténdoo en espazos expositivos que acollen iniciativas creativas do alumnado (exposición de fotografía, exposición de aparellos antigos vinculados cos medios de comunicación, actividades de clase –mitins, presentacións, encontros– proxección de películas ou vídeos, etc.).

### **SERVIZOS**

Como xa adiantamos, o centro conta cunha serie de servizos de carácter común e outros específicos para as necesidades dos títulos que acolle. Así, ademais da Biblioteca Central do Campus, xa mencionada, dispónse de cafetería e comedor. En canto a outros servizos máis directamente vinculados cos estudantes, os servizos administrativos foron centralizados no edificio da Escola de Enxeñaría Forestal (situado fronte ao edificio da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación), ampliándose as súas funcións e o número de efectivos de persoal, aínda que estes se dediquen a máis centros. O único PAS administrativo situado na Facultade é a Secretaría de Decanato. A Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación acolle, tamén, o Servizo de Atención a Usuarios/as de Microinformática (SAUM), que atende todos os centros do campus, pero que ten nesta Facultade o seu campo fundamental, ao ser o centro con maior despregamento de recursos técnicos.

En canto aos servizos específicos do título, cóntase cun Gabinete Técnico de Audiovisuais, no que tres persoas prestan servizo de mantemento e preparación dos materiais audiovisuais dos que dispón o centro. Este gabinete encárgase da xestión do material audiovisual, existindo un sistema automatizado propio para a reserva e autorización de uso deses materiais, ademais de velar polo cumprimento da normativa de utilización dos laboratorios do centro. Obviamente, moitos deses materiais son máis específicos do título de Grao en Comunicación Audiovisual, pero as materias de produción e desenvolvemento de audiovisuais recollidas no Grao de Publicidade e Relacións Públicas tamén fan uso dos mesmos.

### **RECURSOS MATERIAIS**

Comezando polos recursos audiovisuais xa indicados, a Facultade dispón de diverso material audiovisual de préstamo que inclúe cámaras de vídeo, cámaras DSLR, cámaras Mirroless e black magic pocket cámara. Tamén material de iluminación portátil, material de gravación de audio mediante diversos tipos de microfona e gravadoras portátiles e, por suposto, sorpotes de cámara como SteadyCAM, FlyCam, Rig, Travelling, Slider, etc. Un equipo de traballo composto polos docentes das materias que fan uso destes recursos e o persoal do gabinete técnico encárgase de planificar as compras e reparacións, garantindo a permanente actualización dos equipamentos. O orzamento do centro conta, anualmente, cunha partida específica para actualización dos laboratorios que oscila entre os 10.000 e os 15.000 euros, realizando planificacións a medio prazo para investir adecuadamente estes recursos mediante a xestión do Responsable de Laboratorios (Vicedecanato de Promoción e Comunicación).

En canto aos recursos informáticos, tamén se debe mencionar a existencia de tres salas de informática equipadas con ao redor de 90 postos de traballo. Do mesmo xeito que nos casos anteriores, realízanse esforzos económicos anuais para manter estas salas actualizadas, pero a velocidade de cambio dos programas e a limitación dos recursos necesarios provocan que sexa moi complexo mantelos ao día. En relación con isto, convén destacar no curso analizado a elaboración dos pregos por parte do Centro para renovar e ampliar as licencias de programas da contorna Adobe, os máis demandados polo alumnado e profesorado do Grao, reservando o 50% desas licencias para equipos instalados na Facultade e o outro 50% para dispositivos persoais dos estudantes, cumprindo así, ademais, coas recomendacións do Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación do título, que sinala a necesidade de garantir que o alumnado teña acceso ao software necesario para a adquisición de todas as competencias e resultados de aprendizaxe que lles serán esixidas na súa incorporación ao mercado. Ademais das salas específicas, todas as aulas do centro contan con equipos de informáticos e de proxección para a impartición de clase. Na actualidade está a traballarse para equipar tamén con ese tipo de recursos ás salas de reunións do centro, para as necesidades de virtualidade de moitas das actividades que deben realizarse.

Nos últimos anos observamos un aumento exponencial da preferencia dos alumnos e alumnas por empregar os seus propios equipos portátiles, contando as salas de informática cunha demanda inferior, tendencia que puxo sobre a mesa o problema da rede wifi do centro que, nalgúns picos de conexión, non resulta suficiente para dar servizo aos estudantes e ao persoal. Trasládáronse varias consultas sobre o tema e deberán exporse solucións a futuro para este problema que, sen dúbida, irase agravando. En todo caso, parece evidente que, de cara á implementación desas solucións de mellora, debe racharse coa actual uniformación da rede wifi de todos os centros da Universidade, é dicir, aplicar unha solución idéntica para todos eles, mudando esta estratexia por un modelo no que se teñan en conta as especificidades dos estudos que se desenvolven en cada centro e, en relación con isto, adaptando a rede wifi ás distintas necesidades de consumo de cada un.

Para o desenvolvemento da actividade docente tamén son importantes os recursos bibliográficos que, neste caso, están dispoñibles na Biblioteca Central do Campus. O sistema actual establecido pola Universidade é que os responsables da biblioteca realizan un seguimento da bibliografía recomendada incluída nas Guías Docentes das materias, garantindo a dispoñibilidade dos textos recomendados polos docentes. Ademais desta vía, existe un formulario de solicitude de bibliografía de investigación para os/as docentes. Tamén é fundamental indicar que cada ano, ao inicio do curso, realízanse sesións formativas para que os/as estudantes poidan sacar rendemento aos recursos da biblioteca.

Finalmente, en canto a recursos docentes, a Universidade contou, inicialmente, cunha plataforma de teledocencia en Claroline denominada “Faitic”, pero no curso 2019-2020 completouse a migración completa do sistema Claroline a Moodle coa plataforma “Moovi”, cun espazo para cada materia do grao. Aínda que inicialmente estas plataformas se usaron como repositorio de documentación da materia, buscando unha redución do consumo de papel e unha maior accesibilidade ao material, na actualidade Moovi está a ser explotado, con carácter xeral, para o seguimento da avaliación continúa mediante o desenvolvemento e presentación de actividades en liña e mesmo permitiu a realización de exames non presenciais.

En canto a recursos docentes, debemos incidir en que, desde o curso 2019-2020 está dispoñible o sistema de Campus Remoto para a docencia virtual. Este sistema permite o seguimento de clases en liña de forma síncrona e con recursos adicionais para compartir materiais e presentacións. O sistema conta cun “espello” do centro no espazo virtual, de tal forma que todas as aulas e espazos contan cun semellante virtual coa mesma denominación. Isto deu lugar a que o curso 2020-2021 se iniciase o proxecto “Campus Integra”, que permite compaxinar ou combinar a docencia presencial e en liña. Ademais das aulas, tamén se implementaron despachos virtuais (salas de profesorado) para todos os/as docentes, con atención directa ao estudiantado en modo virtual mediante cita previa.

Por último, no relativo aos recursos administrativos, confírmase a total integración da Secretaría Virtual, mediante a cal os alumnos/as poden realizar a gran maioría dos trámites fundamentais: matrícula, convalidacións, solicitudes, queixas e suxestións, consulta de expediente, de bolsas, reserva de espazos, solicitude de dirección de TFG e mesmo a participación en actividades extra-académicas ou deportivas. A Universidade trasladou esta información a unha APP específica que pode descargarse a través da propia secretaría virtual (para IOS e Android). Esta dixitalización de procesos foi moi eficaz nalgúns aspectos como a matrícula, aínda que aínda non está completamente integrada no relativo a procedementos máis complexos, como solicitudes de recoñecemento ou convalidacións. Nestes casos os recursos administrativos son a existencia de persoal a disposición na Unidade centralizada de campus.

No que se refire á valoración que os alumnos e alumnas realizan destes recursos, podemos tomar como referencia as Enquisas de Satisfacción, onde a valoración alcanza boa puntuación, aínda que é necesario mencionar os descensos rexistrados nos últimos cursos, con peores datos para as aulas e o seu equipamento (2,90 no curso 2020-2021), os espazos para o traballo autónomo, biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento (2,70), así coma os laboratorios, aulas de informática, seminarios e espazos experimentais (2,50).

### **ORIENTACIÓN, ATENCIÓN E AXUDA AO ESTUDANTE**

A chegada do estudantado ao título de Grao parte, todos os anos, dunha sesión de acollida na que se lle facilita información directa sobre o funcionamento do título, o centro e a universidade. Dita sesión foi establecida nos primeiros plans de calidade do centro e segue sendo fundamental para o comezo da relación con eles/as. Unha vez que comeza o seu período formativo, debemos incidir na importancia do Plan de Acción Titorial, como forma de recoller opinións dos estudantes, pero tamén de orientación nos distintos cursos do grao.

Outra das vías de orientación fundamentais á chegada á Universidade atópase no “perfil de estudantes” da páxina web da UVigo, que conta con información sobre como facer a matrícula, os detalles de cada título e o acceso a axudas e bolsas, datos que se completan con información sobre transporte ou un Guía de Benvida. Esta guía inclúe información detallada e concreta sobre cuestións xerais como os órganos de goberno ou asuntos máis prácticos como a configuración da conta de correo ou o acceso á Secretaría Virtual, sendo importante, neste punto o relativo ás delegacións de estudantes. Esta información xeral para todos os novos alumnos/as, complétase, no relativo á Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, na propia web do centro, onde o estudante pode obter a información básica (horarios, espazos, ligazóns...) e mesmo se conta cun apartado de “info útil” con información práctica e teléfonos de interese.

En canto ao aloxamento, existe información específica de campus indicando residencias de estudantes e espazos residenciais dispoñibles, existindo unha plataforma propia da Universidade para atopar pisos de alugueiro, habitacións compartidas ou aloxamento con familias. O sistema BeRoommers está especialmente pensado para os/as estudantes internacionais e cóntase cunha guía de uso para poder realizar facilmente as reservas.

De forma específica, no relativo ao Grao en Publicidade e Relacións Públicas, o blog da titulación, actualmente en fase de reformulación, como xa se mencionou no criterio 2, Información e Transparencia, demostrou unha gran eficacia e operatividade á hora de facilitar información útil ao estudante, utilidade que será potenciada co espazo adicado á actualidade do Grao que se implementará na nova web do Centro. O papel do coordinador/a de o título resulta básico para centralizar esa información e atender de forma directa ás consultas que poidan realizarse. Con todo, a ocupación dese importante cargo - non remunerado e a penas recoñecido no nivel curricular- preséntase como complexa para os próximos cursos dada a escasa dispoñibilidade do profesorado para ocuparse de funcións que non son adecuadamente compensadas.

Dunha forma máis directa, a Escola de Enxeñería Forestal acolle a Administración central de centros, que conta cunha carta de servizos nas que, entre outras cousa, indica como obxectivos fundamentais da unidade “xestionando de forma eficaz os recursos humanos e materiais así como os procesos económicos e académicos. Isto ten como finalidade prestar ás persoas usuarias un servizo eficiente, eficaz e de calidade”; é, por tanto, un punto fundamental para informar aos estudantes daquelas cuestións administrativas que precisen. De feito, as Enquisas de Avaliación Docente dos cursos analizados indican que a valoración da “atención do persoal de administración e servizos” alcanza unha puntuación (sobre 5) de 3,30 puntos no curso 2017-2018; 3,54 en 2018-2019, 3,61 en 2019-2020 e 3,40 no curso 2019-2020, o que confirma o bo funcionamento deste sistema.

No relativo á axuda ao estudante durante o seu desenvolvemento académico, debemos facer alusión á atención á diversidade, que se centraliza na Unidade de Atención ao Estudantado con necesidades específicas de apoio educativo (UNATEN), encargada de “velar polos dereitos do alumnado e persoal con necesidades físicas, comunicativas, educativas, sociais e laborais especiais ou minimizadas por tendencias maioritarias na sociedade” e o cumprimento da normativa específica da universidade. A través desta unidade desenvólvese, para cada centro, o Programa de Integración de Universitarios/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PIUNE) que ten como obxectivo apoiar aos estudantes con necesidades específicas. No caso da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación a posta en marcha do programa supuxo o nomeamento dunha coordinadora. Con todo, durante varios cursos a demanda de apoio limitábase a un alumno ou alumna por título,

incrementándose este número ata 5 persoas no curso 2019-2020 e baixando a 2 en 2020-2021 no Grao en Publicidade e Relacións Públicas, pero agardando de novo un incremento importante para o curso 21-22 polos datos preliminares dos que se dispón a día de hoxe. Isto implica que o PIUNE pasou, de contar cunha coordinadora que prestaba atención directa ao alumno demandante, á necesidade de desenvolver un sistema de títulos para as novas solicitudes.

Tamén se ofrece orientación e axuda no relativo a Igualdade, contando cunha ligazón de igualdade no centro que se encarga de dar trámite aos problemas que poidan xurdir neste ámbito cara á Unidade de Igualdade da Universidade. Dita unidade encárgase de velar polo cumprimento do “Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo”, aplicable a todos os estamentos da comunidade universitaria incluíndo, evidentemente, aos estudantes.

O campus de Pontevedra tamén está integrado nun programa orientado á educación ambiental da comunidade universitaria. No momento actual o campus conta coa certificación internacional Green Campus, un recoñecemento que outorga a Fundación pola Educación Ambiental (FEE) e que, entre outras cousas, debe “implicar á comunidade universitaria na mellora ambiental do campus ou facultade que participa no programa”. No caso da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación é o Vicedecano de Infraestruturas e Asuntos Económicos quen participa no Comité Ambiental encargado do deseño e implementación dos distintos Plans de Acción postos en marcha. Nestes plans enuméranse accións xerais para todo o campus e específicas para o centro.

Tamén se presta atención á práctica do deporte por parte dos estudantes, algo que se xestiona a través do programa de Campus Activo, polo cal se ofrece unha plataforma de actividades que vinculan estas coa mellora da saúde. A oferta divídese por campus e en tres áreas: cultura, deporte e lecer e saúde e benestar. Neste último bloque ofrécense servizos de fisioterapia, medicina deportiva, nutrición e dietética e valoración funcional. Todas estas actividades están prioritariamente dirixidas aos estudantes.

Finalmente, en relación coa orientación profesional e laboral recibida, a valoración que fan os estudantes egresados nas enquisas de satisfacción segue a ser baixa, como en informe anteriores. En relación con isto, no curso 2020-2021 prestouse unha maior atención a través do PAT a este asunto, procurando facilitar unha mellor información ao alumnado e, sobre todo, iniciouse o contacto co Servicio de Orientación Laboral (SOL) da Área de Emprego da UVigo, a fin de poder organizar no centro distintas charlas e obradoiros destinadas a mellorar, especificamente, a empregabilidade do alumnado de Publicidade e Relacións Públicas.

### **PRÁCTICAS EXTERNAS**

O Plan de Estudos do Grao en Publicidade e Relacións Públicas contempla a realización dunha materia denominada “Prácticas Externas: proxecto práctico profesional” cun valor de 12 ECTS. O procedemento para a realización desas prácticas é desenvolvido polo Coordinador/a de prácticas da titulación, quen publica unha listaxe de institucións ou empresas que ofertan prazas. A partir dese punto son os alumnos/as os que elixen o lugar onde realízanlas. As empresas ou institucións deben contar cun convenio vixente coa Universidade de Vigo; a proposta de convenio é realizada polo coordinador/á través da Secretaría Virtual da Universidade e, a partir dese punto, é xestionado pola Fundación Universidade de Vigo (FUVI), unha entidade sen ánimo de lucro creada en 1997 pola Universidade para impulsar actuacións no ámbito do emprego, o emprendemento e a formación, buscando que o alumnado conte cunha maior conexión co contexto socio-económico. No momento actual a Universidade de Vigo conta con 2.897 convenios, que poden consultarse a través da Secretaría Virtual da UVigo, dos cales 67 indican expresamente o seu interese específico en estudantes do Grao de Publicidade e Relacións Públicas (E20-E23).

As prácticas externas atópanse adecuadamente regradas cunha normativa que homoxeneiza todos os títulos buscando unhas garantías no desenvolvemento das mesmas. Desta forma, os alumnos e alumnas realizan prácticas en empresas moi diversas, tanto específicas do sector da publicidade e a comunicación, como en departamentos de comunicación doutros sectores, polo que debemos partir dunha dispoñibilidade de lugares de realización de prácticas máis ampla que a destinada ao título.

Ademais das prácticas curriculares, os estudantes teñen posibilidade de realizar prácticas extracurriculares por un máximo de 150 horas adicionais e sen que condicione o expediente do estudante. Esta tipoloxía de prácticas externas é completamente xestionada pola Fundación Universidade de Vigo quen, ademais, realiza informes de resultado das mesmas, sendo o último

dispoñible o correspondente ao curso 2020-2021, que, baixo o título Informe de Prácticas Académicas Externas Extracurriculares por Sectores Empresariais e Titulacións 2020-2021, indica que foi o ámbito de estudos xurídico social, no que se encadra a titulación de Publicidade e Relacións Públicas, o que contou con máis estudantes en prácticas extracurriculares durante o curso 2020/2021, con especial importancia do sector de actividades profesionais, científicas e técnicas, que engloba os principais perfís profesionais dos titulados/as no Grao. Os estudantes contan cun repositorio das ofertas de prácticas extracurriculares que se publican a través da FUVI.

Todo iso leva á configuración dun sistema de prácticas (curriculares e extracurriculares) moi garantista onde os alumnos realizan as súas estancias de formación en empresas de referencia e con garantías de seguridade e de desenvolvemento de competencias do título. O seguimento da calidade da experiencia do estudante pode establecerse a través dos informes finais presentados (concretamente o impreso D6) onde se indican aspectos positivos e negativos da experiencia. Da mesma forma, dispoñemos de listaxes de alumnos e alumnas que realizaron as prácticas nos cursos estudados (E20 / I11) indicando as empresas en que estas foron realizadas. Trátase dun informe realizado pola Coordinación de prácticas e que debería permitir un maior seguimento dos datos.

**Puntos febles detectados:**

- Escaseza de licencias de software, especialmente da contorna Adobe.
- Dificultades económicas para o mantemento e actualización dos equipos informáticos.
- Necesidade de mellora na orientación dos/as estudantes de último curso.
- Deficiencias na rede wifi do centro.
- Problemas para designación de coordinadores/as de Grao.
- Maior demanda de alumnos do programa PIUNE.

**Accións de mellora a implantar:**

- Adquisición de novas licencias, tanto para equipos do centro como do alumnado.
- Aprobar un Plan de Renovación de Equipos da Facultade e priorizar o uso dos equipos persoais dos estudantes.
- Deseño e posta en marcha de accións encamiñadas á mellora da orientación profesional e laboral e á orientación académica para a continuación dos estudos.
- Mellora da rede wifi do centro.
- Procura de sistema de compensación que permita contar con recursos humanos para a coordinación do título.
- Integración do programa PIUNE no PAT (tal e como se expón no novo procedemento de calidade de orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas que se implantará no curso 2020-2021).

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título.  
 E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT.  
 E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.  
 E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título.  
 E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia.  
 E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas.
- Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación.
  - Alegacións e Plan de Melloras ao Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación.

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos.  
 I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas.  
 I11: N° de alumnado por centro de prácticas.  
 I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...).

## CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

O proceso de ensino-aprendizaxe do Grao responde ás esixencias dunha titulación impartida de forma presencial cun grao de especialización 3 do ARROLAS, tal e como está establecido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (BOE nº45, do 22 de febreiro de 2016). O desenvolvemento das actividades académicas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación e cualificación están descritos pormenorizadamente, materia a materia, nas Guías Docentes. As referidas guías son realizadas a través dunha plataforma específica (Docnet) polos docentes responsables de cada materia. O proceso comeza coa elaboración do Plan Docente Anual (PDA) da Universidade, onde se establece o número de horas e grupos de cada materia por títulos. Este documento é debatido e informado pola Comisión Académica do Grao e aprobado posteriormente pola Xunta de Centro, determinando o encargo de docencia para cada un dos Departamentos. Son os Departamentos os que elaboran o Plan de Ordenación Docente (POD) que designa aos docentes que se fan cargo de cada materia, indicando -no caso de que sexan varios os docentes- quen é o coordinador/a da materia. Unha vez establecido o POD a coordinación de Grao establece o prazo de elaboración das Guías Docentes, realizando unha revisión inicial das mesmas en termos de inclusión de todos os apartados requiridos, posterior á primeira revisión a cargo dos coordinadores/as de cada módulo. As guías docentes son, finalmente, aprobadas pola Xunta de Facultade e publicadas na web do centro e na da Universidade.

O sistema de elaboración das Guías indica, de forma automática, cales son as competencias xerais e específicas da materia que se deben desenvolver. De feito, é obrigatorio establecer unha correlación entre as competencias e os contidos, as metodoloxías e os sistemas de avaliación, de tal forma que non permite deixar ningunha das competencias desatendidas. A aplicación permite, mesmo, extraer “mapas de competencias” nos que se comproba que competencias están a ser atendidas por cada materia.

O sistema de avaliación de todas as materias susténtase na avaliación continua segundo o modelo de Espazo Europeo de Educación Superior. Isto tradúcese en que todas as materias establecen unha distribución porcentual (en distintos niveis) entre a realización de traballos prácticos de distintos tipos e a celebración dun exame final na data fixada oficialmente. Todo o anterior queda, por suposto, sometido á normativa de permanencia da UVigo.

No referido ás metodoloxías docentes, como indicamos, priorízase a formación de carácter práctico e mediante o desenvolvemento de proxectos, aspecto que se axusta ao perfil profesional do título e ao desempeño profesional que se require no mercado laboral.

A organización e desenvolvemento da titulación nestes termos foi moi ben avaliada polos estudantes na enquisa de avaliación docente.

### RESULTADOS DE APRENDIZAXE E APLICACIÓN EN PROCESOS DE MELLORA

No relativo aos resultados de aprendizaxe, podemos tomar como referencia as taxas de rendemento, éxito e avaliación das materias do Grao recolleitos no apartado II.1.3 do Indicador 5 (I5). Nesas táboas podemos comprobar como a taxa de rendemento (relación entre créditos matriculados e créditos superados) é de media do 92% e nunca é inferior ao 81%, excluído o traballo de fin grao, polas circunstancias especiais desta materia que son comentadas no apartado correspondente ao criterio 7; a taxa de éxito (relación porcentual entre o número total de créditos superados e número total de créditos presentados a exame) non baixa do 82%, sendo a media do 97,5% e, finalmente, a taxa de avaliación (relación porcentual entre o número de créditos presentados a exame e o número de créditos matriculados) ten unha media do 94,5% e non baixa do 88%. Dunha forma máis concreta, a Evidencias 25 recolle as cualificacións pormenorizadas de todas as materias,

onde podemos confirmar un índice alto con esa taxa de éxito representada na ausencia de segundas convocatorias. O positivo dos datos non fixo necesario establecer, con carácter xeral, procesos de mellora.

Por outra banda, con carácter xeral, no curso 2019-2020 seguiu-se a traballar na optimización de procesos que eviten duplicidades ou solapamentos de contidos. Con este obxectivo, como xa se mencionou, levouse a cabo en cursos pasados a agrupación de todas as materias do título en tres módulos formativos -1. Comunicación publicitaria, 2. Relacións públicas, comunicación corporativa e institucional e 3. Fundamentos e contexto da comunicación- designando coordinadores/ as para cada un deles, que forman parte da Comisión Académica do Grao, o que redundou nunha maior coordinación entre materias, reducindo duplicidades e fomentando a complementariedade entre elas. Aínda así, caben melloras, fundamentalmente desde o punto de vista da actualización dos contidos e bibliografías dalgúns guías docentes, aspectos que foron tratados desde a coordinación do Grao directamente co profesorado e que tentarán ser solucionados na modificación do plan de estudos da titulación que ten iniciada xa o centro.

**Puntos febles detectados:**

- Escasa actualización de contidos e bibliografía nalgúns materias.

**Accións de mellora a implantar:**

- Reunións persoais co profesorado afectado e modificación do plano de estudos da titulación.

**Evidencias nas que se se baseou a valoración:**

E4: Guías docentes das materias.

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación).

E25/: Informes de cualificación por materia.

EA11: Informes de prácticas.

- Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación.
- Alegacións e Plan de Melloras ao Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación.

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción.

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia).

## CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Na análise dos indicadores do título, debemos comezar polas notas de corte e a titulación, que se manteñen estables ao longo dos últimos cursos, pechándose a matrícula no primeiro prazo de convocatoria.

A partir dese dato podemos observar os indicadores de demanda habituais, marcados no índice de ocupación, preferencia e adecuación. En todos os casos os datos resultan correctos (Táboa 8), e se incrementan con respecto ao último curso, acadando o cumprimento dos obxectivos marcados. Así, a ocupación increméntase ata o 109%, ao igual que preferencia, que acada o 185% en 2020-2021, a cifra máis alta dos tres últimos cursos e a adecuación do título sube ao 85,32%, case tres puntos máis que no curso 2019-2020. Lembramos que a taxa de preferencia representa a demanda por praza (relación porcentual entre a demanda en primeira opción e o número de prazas ofertadas) e a día de hoxe sitúase, a nivel nacional segundo datos do Ministerio, no 154%, polo que o centro mantense por encima da media.

No relativo á taxa de adecuación, que recolle os datos dos estudantes matriculados no que demandaron (relación porcentual entre a matrícula de novo ingreso en primeira opción e a matrícula total de novo ingreso), o ascenso xa comentado fai que, unha vez máis, o título siga neste indicador por enriba do 73,9% da media nacional. Todo o anterior tradúcese en que a

matrícula de novo ingreso, nun título con 100 prazas ofertadas, complétase con 100, 103 e 109 estudantes nos tres últimos cursos e que o peche das mesmas se realiza na primeira convocatoria.

### INDICADORES DE RESULTADOS

Os indicadores de resultados que se analizan son os que se recollen na seguinte táboa. Como podemos observar, neste caso logrónse os obxectivos en case todos os elementos. Non está dispoñible aínda o dato de duración media dos estudos para o curso 2020-2021, pero nos dous anteriores non superou, practicamente, os catro anos, sendo a demora causada, sen dúbida, pola defensa do Traballo de Fin de Grao, que segue presentándose como un reto para un estudante que, en moitas casos, incorpórase ao mercado laboral antes da defensa. O rendemento conseguiu aumentarse ata o 92%, mantendo a porcentaxe do curso pasado e a taxa de abandono segue a manterse nun bo nivel, moi inferior á de cursos pasados (8,42% en 2020-2021, fronte ao 14,31% do 2017-2018), pero experimentando un lixeiro repunte con respecto ao curso anterior, no que se situou no 7,92%. Mesmo se conseguiu igualar a taxa de eficiencia (95%) e case igualar a taxa de éxito (97%). O único índice que segue resistíndose é o de gradación, pero sube notablemente, do 55,67% no curso pasado, chega en 2020-2021 ao 73,20%, experimentando un ascenso de case 20 puntos.

Este valor inferior da taxa de gradación con respecto aos outros indicadores explicase, fundamentalmente, pola baixa taxa de rendemento, en comparación con outras materias, do TFG, que no curso 2019-2020 estivo no 65,22%, ascendendo, de todos modos, ao 66,90% no 2020-2021. Trátase, aínda así, dunha taxa superior á de cursos pasados, debido fundamentalmente ás melloras introducidas nos últimos anos, como a elaboración dun novo regulamento de TFG, a posta en marcha dunha nova plataforma dixital para tramitar a asignación de títulos/as e as solicitudes de defensa na Secretaría Virtual da UVigo, a creación de tribunais estables con sistema de rotación anual ou o plan de reunións periódicas da coordinación co alumnado, que consegue facer o proceso máis áxil e sinxelo; medidas que se teñen traducido, concretamente, nun incremento do 26% no número de TFG defendidos. Segue a ser, en todo caso, unha taxa máis baixa do desexable, debido, fundamentalmente, ao alumnado que se matricula na materia, pero logo non completa o proceso de asignación de titor/a e/ou defensa do seu traballo, práctica especialmente frecuente nos estudantes que fixeron o último ano do grao en cursos pasados, polo que a superación desta materia adoita a demorarse máis aló do curso académico “natural”, con matrículas recorrentes curso tras curso.

De acordo con esta realidade, seguindo as recomendacións do Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación do título, a Comisión Académica do Grao e a Coordinación de TFG acordaron na xuntanza do 16 de xullo de 2021 poñer en marcha unha serie de medidas destinadas a mellorar esa taxa de rendemento, a aplicar no curso 2021-2022 e centradas, principalmente, na estimulación desde alumnado latente que coas materias ordinarias do Grao xa superadas, ano tras ano, se matricula do TFG, pero finalmente non o presenta.

O seguimento destes datos é realizado pola dirección do centro, plasmando os resultados e a súa análise nos correspondentes Informes de Revisión, poñendo en marcha accións de corrección cando se detectan desvíos ou incumprimentos.

Como xa indicamos, as enquisas de satisfacción do alumnado realízanse con carácter anual, mentres que no caso do PDI e o PAS, estas realízanse con carácter bianual. Ademais disto, debemos ter en conta que as enquisas sobre a satisfacción das prácticas académicas externas non están dispoñibles en cursos anteriores. Sexa como sexa, lógranse os obxectivos marcados e cóntase cunha valoración moi positiva tanto por parte dos estudantes como dos docentes e das persoas tituladas. Os datos das enquisas son valorados nas reunións de Coordinación de Grao (tal e como se plasma nas actas destas reunións - E5-).

No referido á inserción laboral do título, partimos dos últimos estudos dispoñibles que, a día de hoxe, son os referidos ao curso 2013-2014; trátase dos indicadores SIIU sobre inserción laboral dos egresados. Neste informe establécese que o perfil laboral dos egresados caracterízase por ser asalariados a tempo completo (83,3%), sen que poida establecerse unha porcentaxe de traballadores autónomos. En canto ao carácter do contrato, establécese entre un 50 e un 57% de traballadores/as indefinidos. Nesa media sitúase tamén o grupo de cotización, estando entre o 50 e o 58% en “medio, non manuais”. Neste caso, podemos observar como, a medida que pasan os anos desde a gradación, a base de cotización tamén vai en aumento, sendo necesarios tres anos para chegar a 27.336,29 euros.

Tamén podemos valorar o “Estudo sobre a situación profesional das persoas tituladas da Universidade de Vigo (1990-2015)” editado polo Consello Social da Universidade de Vigo, de onde se extraen datos como o relativo ao tempo medio en procura de emprego, situando este en 4,9 meses (páx. 174) ou que o 30,4% dos egresados do título traballan fóra de Galicia dos cales o 53,3% fano na Comunidade de Madrid e un 33,3% en Cataluña (páx. 209-210), feito que coincide cos eixos empresariais do sector publicitario e da comunicación no noso país. A media de antigüidade no posto de traballo sitúase en 77,54 meses (páx. 215). En canto ao posto de traballo ocupado, o 88,9% traballa para empresas privadas (páx. 270), máis concretamente circunscritas ao sector de “Servizos a empresas”, “telecomunicacións” ou “Deporte, lecer e cultura” (páx. 292) estando só o 37,9% traballando en grandes empresas. Segundo o tipo de contrato, estes traballadores por conta allea distribúense entre un 37,8% de contratos indefinidos, 21,6% eventuais, 13,5% mediante bolsa e 16,2% en prácticas (páx. 632). Dunha forma máis concreta os egresados en Publicidade e Relacións Públicas ocupan o 50% dos postos de vendas e márketing que son desempeñados por titulados da Universidade de Vigo e un 14,5% teñen cargos directivos; o 25,7% como mandos intermedios (páx. 338). Sen dúbida, o dato máis positivo é o relativo a que o 94,4% dos egresados en Publicidade e Relacións Públicas manifesta estar a desempeñar cargos relacionados cos seus estudos universitarios, aínda que un 16,6% tamén indica que o desempeño do seu posto de traballo ten esixencias superiores ao nivel académico adquirido. No relativo ás consideracións cualitativas dos egresados sobre o título o estudo recolle que “o autoemprego está moi estendido entre as persoas tituladas desta titulación, dedicándose á organización de eventos, dirección de festivais, gabinetes de prensa, consultorías...” (páx. 427). A realidade é que 50% dos titulados optaron polo autoemprego. En calquera caso, a taxa de ocupación sitúase nun 78,7%, sendo das máis elevadas dos títulos da Universidade, só por detrás de Turismo, Enxeñaría Informática, Enxeñaría Agraria e Enfermería.

A Universidade de Vigo tamén dispón do estudo sobre “Confianza e percepción dos estudantes da Universidade de Vigo na súa empregabilidade. Evolución 2014-2015 - 2015-2016”, no que se destaca que, no momento de realización do estudo, o 74,67% dos estudantes contaba con experiencia laboral (páx. 52). O estudo máis recente é o “Barómetro de empregabilidade da Universidade de Vigo” publicado no ano 2019, pero non conta con datos desagregados por títulos. A información, neste caso, circunscríbese ao ámbito de coñecemento, sendo o correspondente neste caso “Ciencias Sociais e Xurídicas”. Nese ámbito o nivel de satisfacción co rendemento académico sitúase en 3,78 puntos sobre 5 (páx. 75) e a vinculación entre a experiencia laboral e o grao cursado alcanza os 3,44. A experiencia laboral valórase de forma positiva (4,16) e a aplicación dos coñecementos do grao (3,34). Tamén se valoran os coñecementos para a elaboración do currículo (4,04), a adaptación á oferta de traballo (4,19) e o desexo de seguir formándose ao longo da vida (4,49). En canto á relación da Universidade coa empresa -como punto de partida para facilitar o tránsito dos egresados ao mercado laboral- os esforzos concéntranse nos convenios para prácticas (93%) e o uso do servizo de emprego da Universidade (12,8%) ou a colaboración cos grupos de investigación (10,13%)

**Puntos febles detectados:**

- Necesidade de mellorar a taxa de graduación.
- Taxa de rendemento do TFG aínda baixa.

**Accións de mellora a implantar:**

- Mellorar a información, a coordinación co profesorado e a estimulación de alumnado, fundamentalmente, de cursos pasados para que presente e supere o seu TFG.

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC.

- Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación.
- Alegacións e Plan de Melloras ao Informe Provisional de Avaliación para a Renovación da Acreditación.

**Indicadores:**

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico.

I12: Evolución dos indicadores de resultados.

☐ Tasa de graduación.

☐ Tasa de abandono.

☐ Tasa de eficiencia.

☐ Tasa de rendemento.

☐ Tasa de éxito.

☐ Tasa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial).

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso.

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego.

I010-D0: Duración media dos estudos.

***Seguimento da titulación de Grao en Dirección e Xestión Pública*****CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO**

**Estándar:** o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

**Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:**

Non se evidenciaron incidencias no desenvolvemento do plan de estudos.

O perfil formativo/ egreso do título de Graduado/a en Dirección e Xestión Pública mantén a súa relevancia como título innovador desde a súa posta en marcha e posteriores reformas (a última, con entrada en vigor neste curso 2020/2021) Incrementábase o interese académico no último curso obxecto de acreditación (2020/2021), tal e como pode comprobarse no indicador II. A alta satisfacción dos distintos grupos de interese poñen de manifesto o interese académico do título.

O currículo ofertado orientábase ao establecemento de dous grandes perfís profesionais e unha serie de perfís laborais máis específicos, que pretenden afinar na asignación de competencias ás necesidades da dirección e xestión de organizacións e institucións públicas.

Ata o curso 2020/2021, o título vén impartindo en dúas modalidades (presencial e semipresencial) Coa implantación do primeiro curso do novo plano de estudos, mantense a modalidade presencial e substitúese a modalidade de ensino semipresencial por unha modalidade en liña, converténdose no primeiro grao virtual do Sistema Universitario de Galicia. O resto dos cursos (segundo, terceiro e cuarto) mantén as modalidades presencial e semipresencial, tendo en consideración que a modalidade semipresencial irá desaparecendo gradualmente ao ser desprazada pola modalidade en liña.

O perfil formativo dos egresados e egresadas no Grao en Dirección e Xestión Pública tamén o avala o último Estudo sobre a inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2013/2014 realizado pola ACSUG, con alumnos/ as matriculados no curso 2013/14, e publicado recentemente onde se recolle que o 71,43% do alumnado titulados en Dirección e Xestión Pública traballa actualmente, de media tardaron 12,75 meses en atopar o seu primeiro traballo, onde o 100% traballa por conta allea (o 60% cun contrato indefinido, o 30% cun contrato eventual e o 10% sen contrato) o 48% e cun salario neto medio de mensual de 1.150 euros. O 21,43% das persoas enquisadas prepara oposicións. Ademais, o 90% asegura que volvería cursar a súa titulación na mesma universidade, reflectindo así o alto grao de satisfacción co itinerario académico destes estudos de grao.

A desagregación dos datos da inserción laboral por titulación pódese consultar na web da ACSUG: <http://www.acsug.es/gl/node/5104>.

O programa formativo do Grao en Dirección e Xestión Pública desenvolveuse seguindo a oferta de módulos, materias e materias previstas na memoria:

- Os módulos e as materias axústanse ao contido da memoria e posteriores modificacións. Coa implantación do novo plan de estudos en 2020/2021 elimínase a existencia de módulos, e deséñase un modelo máis innovador e singular no contexto do panorama da educación superior española, para acoller aos novos perfís profesionais a cubrir. En definitiva, implantouse un plan de estudos actualizado, responsable co seu contexto e aberto e pluridisciplinar no seu modelo de

competencias, onde as competencias dixitais conviven coas humanísticas propias dos valores públicos que guían a acción das institucións públicas.

- En xeral, non existen desaxustes entre as actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación establecidas nas guías docentes co recollido na memoria, permitíndose a consecución das competencias. Agora ben, detectouse que nalgún caso puntual publicáronse guías docentes nas que existía algún desaxuste entre o sistema de avaliación e as metodoloxías docentes incluídas na memoria. Nalgúns casos, este desaxuste viña producido pola implantación de novas metodoloxías docentes nas guías docentes, como o aprendizaxe servizo, que no seu momento non estaban previstas no plano de estudos. Pois ben, coa implantación do novo plan no curso 2020/2021 realizouse unha revisión das fichas das materias (incorporando na programación contidos sobre igualdade, dixitalización e Axenda 2030), para puír aspectos relacionados coa redacción dos resultados de aprendizaxe, incluír novas metodoloxías docentes e revisar os sistemas de avaliación, contribuindo deste xeito a alcanzar os obxectivos da titulación.

- O tamaño dos grupos reduciuse nos últimos cursos (previos á entrada en vigor do novo plan de estudos), como consecuencia da redución de matrícula, ocasionando a eliminación de grupos prácticos nalgún dos cursos. Esta modificación, con repercusión na PDA, non influíu de ningún xeito á adecuación do tamaño do grupo e as actividades formativas. No curso 2020/2021, o tamaño medio dos grupos do plano de estudos en extinción para os cursos segundo, terceiro e cuarto incrementouse respecto ás cifras do ano anterior. Pola súa parte, o aumento de matrícula en primeiro curso do novo plano de estudos implicou un aumento considerable do tamaño medio do grupo, permitindo a recuperación dun segundo grupo práctico (ver II.5).

- No curso 2020/2021, o nivel de ocupación foi do 111,11% (50 matrículas de novo ingreso por preinscripción de 45 posibles), superando o obxectivo de calidade, e o nivel de preferencia, do 102,22%, superando o obxectivo de calidade do centro. Estas cifras son o resultado da implementación de medidas específicas orientadas á captación de alumnado e da boa acollida da implantación do novo plano de estudos, que permitiu cubrir a totalidades das prazas ofertadas.

- En relación coa mobilidade, no curso 2020/2021 recibíronse 4 estudantes internacionais; ningún estudante participou en programas de mobilidade nacionais ou internacionais. Nos vindeiros cursos realizáranse esforzos específicos para potenciar e difundir os programas de mobilidade vixentes, co obxecto de que os estudantes da titulación poidan enriquecer a súa formación con experiencias noutras universidades, preferentemente internacionais.

O título conta con mecanismos de coordinación docente apropiados ás modalidades de ensino (presencial e virtual, para o primeiro curso, e presencial e semipresencial, para os cursos segundo, terceiro e cuarto, no ano académico 2020/2021) xestionados pola coordinadora do grao e a Comisión Académica do Grao. Estes mecanismos de coordinación son os seguintes:

- (1) Reunións da Comisión Académica do Grao. A Comisión está integrada por 13 persoas (docentes do título, vicedecano/a de calidade e de alumnado do centro, un representante do PAS e un representante do alumnado) e é convocada con regularidade para atender asuntos de trámite, de organización académica ou de funcionamento da titulación.

- (2) Participación da coordinadora do grao na Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación. Esta comisión reúne periodicamente para tratar asuntos de calidade que afectan os títulos impartidos na Facultade.

- (3) Plan de Acción Titorial (PAT). O PAT está orientado a informar o alumnado do funcionamento do grao e da Universidade en xeral, así como obter datos e unha valoración individualizada sobre o desenvolvemento das materias e a propia titulación. Designouse un titor/a para cada curso, de tal maneira que o PAT conta coas seguintes fases: (a) reunión de presentación de cada titor/a co grupo presencial, virtual e semipresencial, dando información sobre o comezo das clases, e poñéndose á súa disposición para trasladar calquera queixa, suxestión, proposta ou enviar dúbidas e consultas sobre a

titulación ou sobre a marcha dalgunha materia en particular; ( b) reunión do titor/a ao final do primeiro cuatrimestre co grupo presencial, virtual e o semipresencial, para recoller as impresións sobre o desenvolvemento da docencia durante o cuatrimestre; ( c) reunión do titor/a ao final do segundo cuatrimestre co grupo presencial, virtual e semipresencial, para recoller as impresións sobre o desenvolvemento da docencia durante o cuatrimestre. Pola súa parte, trala implantación do primeiro curso do novo plano de estudos, o grupo virtual participa no PAT a través de reunións a través da plataforma de videoconferencia da Uvigo (Campus Remoto) e enquisas realizadas en liña. Calquera incidencia trasladada a un titor/a ou á coordinadora analízase no seo da Comisión Académica de Grao co propósito de darlle solución o máis axiña posible. Así mesmo, nesta modalidade refórzase o contacto co alumnado mediante mensaxes persoais enviados cada mes por parte da coordinación para coñecer o estado de ánimo e proporlles tutorías individuais.

- (4) Información ao profesorado e organización das materias: a coordinación do grao contacta cos coordinadores/as das diversas materias durante o período de preparación das guías docentes do próximo curso, tras unha primeira revisión das guías docentes por parte dos coordinadores/as de módulo/curso. Tamén se convoca unha reunión de profesorado ao comezo de cada cuatrimestre, coa que se busca evitar calquera descoordinación entre as modalidades presencial e virtual (plano novo) e presencial/semipresencial (plano en extinción), que en ocasións pode impartirse por docentes diferentes. Estas reunións de profesorado tamén facilitan unha efectiva coordinación entre as materias impartidas no mesmo cuatrimestre, para que a carga de traballo do alumnado quede nivelada nas distintas semanas. O alumnado é informado en cada materia, a través da plataforma de teledocencia Moovi, a principios do cuatrimestre, das diferentes actividades a realizar e prazos de entrega/realización de cada unha delas. Desta maneira, a existencia dunha coordinación de título e de tres coordinadores/as de módulo favoreceu a eliminación de solapamentos de contidos entre as materias e elimina as sobrecargas de traballo no cuatrimestre. No plan de estudos recentemente implantado, substitúense as coordinacións de módulo por coordinacións de curso, facilitando as tarefas de coordinación entre materias.

No caso concreto da modalidade virtual, a coordinación traballa directamente co profesorado na creación e actualización dos espazos das materias aloxados en Moovi seguindo unha mesma estrutura e deseño. Ao mesmo tempo, supervisa o traballo do profesorado e calquera tipo de incidencia que poida aparecer no transcurso das clases. As materias contan coa seguinte estrutura: presentación da materia; área de comunicación; área temática. Por outra banda, o estudo do alumnado páutase cunha serie de calendarios (traballo semanal, entrega de actividades, entrega extraordinaria de actividades e clases virtuais) reforzado co envío semanal dunha mensaxe por parte do docente. As diferentes tarefas que lle corresponde desenvolver ao profesorado atópase recollido nos seguintes protocolos aprobados pola CAG: decálogo de comunicación, Manual de docencia virtual, Regras para a impartición de docencia virtual e Protocolo Tutorías de valoración. Nestes momentos, estase en proceso de elaboración dun protocolo de exames virtuais.

- (5) Seguimento das materias: os titores e titoras do PAT realizan un seguimento das materias, recollendo as incidencias trasladadas polo alumnado durante o cuatrimestre. En caso de ser necesario, unha vez recibidas e analizadas pola Comisión Académica de Grao, a coordinadora do grao contacta, co profesorado implicado para dar unha solución.

- (6) A persoa encargada da coordinación de prácticas, ao ser membro da Comisión Académica de Grao, mantén en todo momento informado ao alumnado de todos os asuntos relacionados co seu primeiro contacto co mundo laboral. O seu labor desenvólvese en contacto constante coa coordinación do título. Cada curso académico realiza unha revisión do desenvolvemento das prácticas, elabora unha listaxe coas empresas dispoñibles e o número de prazos ofertadas, despois de analizar os resultados do curso académico anterior. Para facelo, baséase nos informes de fin de prácticas que cada alumno/a entrega ao finalizar o seu traballo, e tamén nas impresións que sobre o traballo do alumnado fan as persoas responsables das prácticas en cada unha das empresas.

- (7) A persoa encargada da coordinación do TFG, tamén membro da Comisión Académica de Grao, leva a cabo actividades de orientación e información. Existe flexibilidade á hora de seleccionar as temáticas que máis interesan ao alumnado e avanza na sistematización dos procesos de avaliación.

Toda a normativa desenvólvese segundo o establecido e a súa aplicación favorece a correcta evolución dos estudos de grao.

- (1) Normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais do grao e normativa de transferencia e recoñecemento de créditos: tanto a Normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e máster, como a de Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos aplícase a todas as titulacións por igual, e o seu correcto desenvolvemento en cada unha das titulacións depende da Comisión de Docencia e alumnado de cada un dos centros.

- (2) Normativa sobre o TFG: O Regulamento para a realización de Traballo Fin de Grao aprobado en Consello de Goberno da Universidade de Vigo o 15 de xuño de 2016 e modificado o 13 de novembro de 2018, recolle no seu artigo 2.5 que será responsabilidade de cada centro desenvolver unha normativa interna aprobada pola Xunta de Centro para adecualo ás características propias de cada un dos títulos oficiais; así, o 22 de febreiro de 2017, apróbase o Regulamento para a realización do traballo Fin de Grao da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, que será modificado o 23 de outubro de 2019. Neste regulamento establécese a definición e elaboración do traballo e as cuestións relacionadas coa súa tramitación administrativa, así como a titorización, o procedemento da solicitude de defensa e a avaliación do TFG dos graos que se imparten na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

Con este novo regulamento no curso 2019/2020 unificanse os criterios de regulación de todos os TFG que se elaboran no centro, posibilitase o correcto funcionamento da ferramenta de xestión dos traballos habilitada pola Universidade de Vigo a través da Secretaría virtual de profesorado e alumnado, e o proceso faise moito máis áxil, claro e transparente.

No momento en que se pon en marcha o novo regulamento de TFG establécese tamén o procedemento para a tramitación dalgúns procedementos que ata ese momento eran longos e excesivamente complexos, porque requirían da intervención do PAS da administración do centro. Referímonos á solicitude de cambio de titor e á solicitude de co-titorización, dous procedementos contemplados no regulamento e que requiren da aprobación da Comisión de Grao.

**Puntos débiles detectados:**

- Discrepancias entre as metodoloxías e sistemas de avaliación de diversas asignaturas entre as guías docentes das materias e a información recollida na memoria do título.
- Baixa mobilidade saínte do estudiantado.

**Accións de mellora a implantar:**

- Reunións específicas, durante o curso 2021/2022, entre os/as coordinadores de curso/módulo e o profesorado nas semanas previas á elaboración das guías docentes para eliminar estas discrepancias. Por outro lado, a implantación de novas metodoloxías promovidas pola universidade (como o aprendizaxe-servizo) e incluídas das guías docentes dos últimos anos, incorpóranse ao novo plano de estudos, permitindo a súa actualización, e permitirá eliminar progresivamente as discrepancias detectadas.
- Organización de charlas informativas específicas para o alumnado do grao durante o curso académico 2021/2022, nas que se potencien e difundan os programas de mobilidade vixentes na UVIGO, para que o alumnado da titulación poida enriquecer a súa formación con experiencias noutras universidades, preferentemente internacionais.

**Evidencias nas que basea a valoración:**

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)  
 E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)  
 E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade  
 E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).  
 QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

**Indicadores nos que se basea a valoración:**

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescripción  
 I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia  
 I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)  
 I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros  
 I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.  
 I01-AC: Nota media de acceso  
 I01(2)-AC: Nota mínima de acceso  
 I02-AC: Ocupación  
 I03-AC: Preferencia  
 I03(2)-AC: Adecuación

## CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

A información trasladada a través da páxina web da Universidade de Vigo e a da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación é suficiente, relevante, obxectiva, accesible e actualízase anualmente antes de cada convocatoria de matrícula (E9).

No espazo que a Universidade de Vigo destina ao grao de Dirección e Xestión Pública atopamos toda a información recollida na memoria do título e de interese público: descrición do título, saídas profesionais, obxectivos xerais da titulación, mobilidade, regulamentos e normativa aplicable. Ademais desta información principal, pódese acceder ao portal de admisión e matrícula da Universidade para os alumnos de novo ingreso. A web tamén proporciona unha información completa sobre todas as materias que se imparten no grao (Guías docentes: competencias, resultados de aprendizaxe, contidos, planificación, metodoloxías docentes, atención personalizada, avaliación, bibliografía, recomendacións e plan de continxencia) e sobre o profesorado (categoría, contacto, departamento, docencia nos 10 últimos cursos, titorías e traballos dirixidos).

A páxina web do centro, coa ligazón á información sobre o grao, ofrece tamén a información relevante que o espazo da web da universidade dedica ao grao, pero faio dunha forma máis dinámica, prestando especial atención á información xeral sobre o grao, materias e profesorado, guías docentes e coordinación; pero achegando tamén información sobre aquelas cuestións que cada curso é necesario actualizar: horarios, espazos dedicados á docencia e exames.

En setembro de 2020 púxose en marcha unha nova web, expresamente para a modalidade virtual do novo plan de estudos, que pretende dar resposta a cuestións concretas relacionadas co desenvolvemento desta modalidade.

En definitiva, a información relevante sobre o título é pública e atópase dispoñible, en tempo e forma, para os axentes implicados.

Debemos precisar que neste momento (curso 2020/2021) o título de Dirección e Xestión Pública está adscrito á Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, e a información xeral da modalidade presencial atópase aloxada na páxina web do centro.

<p>Agora ben, a inminente creación da Facultade de Dirección e Xestión Pública permitirá crear unha nova páxina web da titulación. Nesta liña, no derradeiro informe da ACSUG de Acreditación do título, do ano 2021, recolleuse a necesidade de incluír a seguinte información na páxina web: relación de convenios de prácticas externas vixentes no curso académico para que os futuros e actuais estudantes dispoñan desa información; publicar o sistema de avaliación que se aplica para a materia de prácticas externas; e facilitar o acceso á información sobre as competencias xerais e específicas do título. Esta información pasará a engadirse á páxina web para subsanar este punto feble.</p> <p>Tamén, co obxecto de mellorar a información existente, realizaranse as seguintes melloras: publicación da derradeira versión da memoria aprobada tralo proceso de modificación do plano de estudos; incorporación da información sobre os convenios de mobilidade dos que se poida beneficiar o alumnado da titulación; incorporación do perfil de acceso á titulación definido na memoria de verificación; e facilitarse o acceso dende a páxina web da titulación á normativa de permanencia. Todas estas melloras quedarán implantadas durante o curso académico 2021/2022.</p>	
<p><b>Puntos febles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Falta de publicación dalgunha información na páxina web da titulación e dificultades para acceder directamente a algunha información (competencias xerais e específicas do título, acceso á normativa de permanencia...).</li> </ul>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Inclusión da relación de convenios de prácticas externas vixentes.</li> <li>Publicación do sistema de avaliación da materia de prácticas externas.</li> <li>Facilitación do acceso á información sobre as competencias xerais e específicas do título.</li> <li>Publicación da última versión da memoria de modificación do título.</li> <li>Incorporación da información sobre os convenios de mobilidade.</li> <li>Incorporación do perfil de acceso á titulación definido na memoria de verificación</li> <li>Facilitación do acceso dende a páxina da titulación á normativa de permanencia.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b>  E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)  R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública  QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b>  I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.</p>	

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

<p><b>Estándar:</b> A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.</p> <p>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.</p>
<p><b>Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:</b></p> <p>Os principais procedementos a través dos cales se recompila información sobre o título de forma permanente son o Plan de Acción Titorial, o Informe de Revisión pola Dirección e o Informe de Accións de Coordinación, cuxos resultados son revisados e analizados na Comisión Académica do Grao e na Comisión Interna de Calidade da Facultade, en especial aqueles relativos aos indicadores de rendemento, abandono, gradación e satisfacción, que detallaremos nas seguintes dimensións deste Informe (ver E26).</p> <p>O Plan de Acción Titorial, aprobado o 5 de novembro de 2014, recolle no apartado 6.1 actuacións específicas para titulacións presenciais e semipresenciais, desenvolvendo unha serie de titorías que permiten a detección e xestión de incidencias ao longo do curso a través de titorías físicas así como un amplo abanico de medios que proporciona a plataforma de teledocencia.</p>

En canto ao sistema de queixas e suxestións, a Universidade de Vigo dispón dun sistema electrónico e centralizado denominado QSP que favorece o seguimento das incidencias e o control do tempo de resposta. Desde o curso 2020-21, todos os espazos virtuais das materias do Grao no a plataforma de teledocencia contan cunha entrada a este sistema. O centro conta cun manual, política, obxectivos e procedementos de calidade implantados, actualizados e accesibles e con regulamentos propios para o correcto funcionamento das titulacións que se imparten nel. Tanto a xestión do SGC como as canles de participación na mellora da titulación obteñen resultados óptimos nas enquisas de satisfacción dos diversos grupos de interese, superiores en todos os casos a 3,0 e alcanzando nalgúns casos a puntuación máxima de 5,0.

O SGC permitiu o seguimento do título e introduciu modificacións destinadas á mellora continua na xestión do grao e nos resultados de aprendizaxe (ver E12).

A plataforma do SGIC conta cunha utilidade para a xestión das accións de mellora que se establecen ante as debilidades detectadas en cada titulación. Este sistema permite a consulta desas debilidades e establece unha revisión anual dos resultados e o desenvolvemento de cada título a través do Informe de Revisión pola dirección contemplándose tamén a posibilidade de que se realicen avaliacións externas ligadas a programas de calidade. O SGIC contempla, en calquera caso, un sistema de seguimento do título, indicando ademais procedementos para modificacións que poidan contribuír á mellora do mesmo. O programa facilita a “trazabilidade” das accións.

Tendo en conta eses parámetros os plans de mellora previstos desenvolvéronse en los seguintes procesos:

1. Accións de mellora segundo o Autoinforme de acreditación 2020-2021.
2. Informe de Revisión do Sistema pola Dirección 2019-2020.
3. Estado de situación das melloras propostas nos informes anteriores

O permanente proceso de actualización do SGIC, que pode comprobarse na web da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación (<https://csc.uvigo.es/calidade/sgic/>), é o resultado da reflexión baseada nos distintos indicadores que recollen os Informes anuais de seguimento e de revisión realizados pola dirección. De forma paralela, tanto a comisión académica do título como a Comisión de Calidade do centro analizan os resultados de PAT e as enquisas de satisfacción para detectar posibilidades de mellora que se trasladan aos plans correspondentes. En ambas as comisións están representados os distintos actores implicados no título e a súa participación resulta decisiva.

No informe de acreditación do Grao en DXP realizado pola ACSUG en 2021 puxéronse de manifesto as seguintes deficiencias: o baixo nivel de profundidade na identificación dos puntos febles incluídos nos autoinformes de seguimento, as baixas taxas de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, desaxustes entre as guías docentes respecto á información da memoria, ou certas sobrecargas de traballo do alumnado nalgúns cuatrimestres.

No ano obxecto deste informe (2020/2021), aínda marcado pola pandemia, volve a detectarse unha baixa taxa de participación do alumnado nas enquisas de satisfacción, e seguen a detectarse algúns desaxustes nalgúns guías docentes respecto á información da memoria. Respecto da primeira cuestión, realizaranse esforzos específicos en cada unha das modalidades (presencial, virtual e semipresencial) para concienciar ao alumnado. Polo respecta aos desaxustes preexistentes entre guías docentes e información da memoria, tal e como se indicou no apartado anterior, serán eliminados coa implantación do novo plano de estudos, que actualizará as metodoloxías e sistemas de avaliación que quedaran obsoletos. Por outro lado, a reorganización do plano de estudos eliminará a concentración de materias cunha carga de traballo maior no terceiro curso. Finalmente, durante o curso 2021/2022 estase a realizar o seguimento dalgunhas materias cunha taxa de rendemento baixa, nas que se revisou o sistema de avaliación. Detéctase que a existencia de exames finais orais pode disuadir ao alumnado á hora de presentarse ao exame final, polo que os responsables das materias substitúen o exame final oral por un exame final escrito.

**Puntos febles detectados:**

- Deficiencias na recollida de información nos informes de seguimento e no informe de revisión pola dirección de puntos febles e indicadores desglosados por modalidades de impartición.

**Accións de mellora a implantar:**

- Análise específica nos informes dos puntos febles, introducindo reflexións sobre as posibles causas das desviacións detectadas e propostas concretas de accións de mellora.

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación)

centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: **Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro**

## CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O profesorado que participa no título é suficiente e o seu grao de dedicación, a súa cualificación e experiencia son adecuados para levar a cabo o plan de estudos proposto e conseguir a adquisición por parte do alumnado das competencias do mesmo.

A experiencia docente do profesorado desenvolveuse en diferentes titulacións de Ciencias Sociais e Xurídicas. En particular, o colectivo de PDI dispoñible para impartir docencia está constituído por profesorado dos departamentos implicados na docencia do mesmo, integrando profesorado das seguintes áreas de coñecemento: Ciencia Política e da Administración, Comercialización e Investigación de Mercados, Dereito Administrativo, Dereito Penal, Dereito do Traballo e da Seguridade Social, Dereito Financeiro e Tributario, Dereito Constitucional, Economía Aplicada, Economía Financeira e Contabilidade, Estatística e Investigación Operativa, Filosofía moral, Linguaxes e Sistemas Informáticos, Organización de Empresas e Socioloxía.

No curso 2020-2021 a planificación docente estivo formada por 40 docentes, dos cales 24 son persoal docente funcionario ou persoal contratado doutor. Este número vense mantendo, con lixeiras variacións, nos últimos cursos académicos. Hai que precisar que no curso académico 2020/2021, moitos dos profesores/as asociados pasaron a ser profesorado axudante doutor, incrementándose deste xeito o persoal de profesorado estable da titulación.

O profesorado do Grao ten acceso a diversos cursos de formación impartidos no marco do Programa de Formación e Innovación Docente da Universidade. Son os profesores/as os que, de forma individual inscribíense nestas formacións específicas sobre habilidades docentes, existindo tamén oferta sobre actualización de distintos contidos a través do Vicerreitorado de Organización Académica e Profesorado. A participación do profesorado neste programa aumenta considerablemente desde o curso 2017/2018, tal e como pode apreciarse na evidencia I6. Adicionalmente, con motivo da posta en marcha do novo plan de estudos que contempla unha modalidade virtual do título, deseñouse un curso de formación para os/as docentes do grao virtual. A realización e superación das probas de avaliación do curso de formación para o PDI é un requisito indispensable para impartir a docencia virtual do Grao en Dirección e Xestión Pública. No curso 2020/2021, un total de 25 profesores/as participaron no programa de formación e innovación docente. O acceso á información sobre o profesorado que participa no programa de formación e innovación docente era un punto feble, detectado en anteriores informes. Esta información está a ser facilitada pola unidade de transparencia da Universidade na actualidade.

No informe de acreditación do título realizado pola ACSUG en 2021 recomendouse a creación dun rexistro da participación do profesorado e programas de formación continua. Esta información será recollida polo centro despois da súa publicación anual no portal de transparencia, para permitir un seguimento continuo da evolución da participación.

No que respecta á mobilidade do profesorado, a Universidade conta unha ampla oferta de prazas de Erasmus+ que son aproveitadas polos docentes da titulación. Ademais deste programa de intercambio de profesorado con outras universidades de Europa, os docentes participan activamente noutros programas de mobilidade, aínda que vinculados a proxectos de investigación e non á formación docente. En concreto, rexistráronse 5 docentes en programas de mobilidade no curso 2020/2021. O acceso á información sobre o profesorado que participa nos programas de mobilidade era un punto feble, detectado en anteriores informes. Esta información está a ser facilitada pola unidade de transparencia da

Universidade na actualidade. Ademais, observamos un lixeiro incremento do número de profesores/as que participan en programas de mobilidade respecto das cifras de anos anteriores, unha cuestión interesante, xa que este incremento se produciu a pesares dos inconvenientes provocados pola pandemia en termos de mobilidade.

No informe de acreditación do título realizado pola ACSUG en 2021 recomendouse que se incentivase a mobilidade do profesorado, facendo especial fincapé na pertinencia da realización de estadias de investigación. Neste punto, dende o Decanato da nova Facultade de Dirección e Xestión Pública facilitarase o acceso a información sobre a convocatoria de axudas para a realización de estadias co obxecto de que os docentes do título poidan adquirir novas experiencias docentes e integrarse en redes de investigación. A información sobre as diferentes convocatorias farase chegar ao profesorado do centro a través de correo electrónico. Tamén se publicará na web da Facultade.

Respecto a experiencia investigadora e acreditación en tramos de investigación recoñecidos, no curso 2020/2021, o profesorado que imparte docencia no grao conta con 19 sexenios. No seguinte curso académico este número pode incrementarse como consecuencia da conversión de profesorado axudante doutor a contratado doutor.

No referido á experiencia docente podemos afirmar que a maioría do profesorado (persoal docente) ten máis de 10 anos de experiencia docente.

Os CVs do profesorado e materias impartidas están accesibles na páxina web do centro.

En relación co previsto na Memoria (véxase evidencia E1), a composición é coherente ao asumido na mesma e garda unha proporción de profesorado catedrático, titular e contratado doutor. Pode observarse a tendencia para estabilizar ao profesorado do título.

Con relación ás enquisas de avaliación docente (EAD), os resultados son altamente positivos, cunha media situada sempre por enriba de 4 puntos sobre un máximo de 5 (4,18 no curso 2019/2020, que é o último publicado). Véxase E17. Os resultados facilitados pola universidade unicamente se refiren á modalidade presencial. Non obstante, somos coñecedores de que, nos últimos anos, se están a realizar enquisas de avaliación en liña como proxectos piloto nalgúns títulos da Universidade. Detectada a falta de información desglosada por modalidades no noso título, e sendo conscientes da necesidade de obter información relacionada con estas cuestións procedente do alumando virtual matriculado no plano de estudos recentemente implantado, propónse como acción de mellora solicitar á Universidade a implementación dun sistema que permita a realización desta enquisa en liña, publicando a continuación os resultados nos informes de resultados das enquisas de avaliación docente de titulación.

Os resultados da enquisa de satisfacción de estudantes e docentes foron plenamente positivos, sendo unha das titulacións da Universidade de Vigo con mellores resultados, manténdose no top ten dos títulos mellor valorados. Véxase indicador I4 e E13.

A valoración global dos recursos humanos é óptima para os diversos grupos de interese. A puntuación é, en todos casos, superior a 4 puntos no curso 2020/2021.

En conclusión, vendo os recursos humanos dispoñibles e os datos presentados, podemos afirmar que é perfectamente viable o desenvolvemento da titulación aplicando criterios de adaptación ao EEES.

O persoal de administración e servizos (PAS) do Centro onde se imparte o Grao está vinculado á Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación e no curso 2020/2021 presentaba un perfil adecuado ás necesidades de impartición do título. Os servizos específicos de apoio do centro están recollidos pormenorizadamente na web do centro, tendo en conta que a Universidade puxo en marcha nestes anos unha centralización dos servizos do campus polo que se trata dunha maior cantidade de persoal e áreas, aínda que se dedican a varios centros. Da mesma forma, a Universidade dispón dunha serie de servizos de apoio aos centros que son xerais (E16), pero dos que sen dúbida depende o correcto desenvolvemento da docencia do Grao.

Ademais do anterior, o deseño da Relación de Postos de Traballo (RPT) da Universidade permitiu contar cun informe sobre os recursos humanos de apoio dispoñibles para o centro (E16), existindo unha necesidade de contratación para chegar ás cifras finais propostas que dependerá, en todo caso da política de contratación da Universidade.

Ao contar tamén cunha modalidade semipresencial (desde o curso 2020/2021, virtual para primeiro curso, e que se irá implantando progresivamente nos vindeiros anos para os seguintes cursos), a asistencia do Servizo de Teledocencia da Universidade de Vigo (Faitic / Moovi) integrado na área das Tecnoloxías da Información e Comunicacions (ATIC) vólvese esencial. Neste sentido, é preciso valorar moi positivamente a cualificación e compromiso deste servizo co funcionamento do grao.

O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación esixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria (véxase evidencia E1)

No grao en Dirección e Xestión Pública non existen evidencias de incidencias relacionadas co persoal docente ou de administración e servizos.

<p><b>Puntos febles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Información deficiente (non continua) sobre a participación do profesorado en programas de formación docente.</li> <li>• Baixa participación en mobilidade do profesorado, especialmente en estadias internacionais.</li> </ul>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración dun rexistro de participación do profesorado en programas de formación continua. Este rexistro confeccionarase no curso 2020/2021 e será xestionado polo Decanato da Facultade de Dirección e Xestión Pública.</li> <li>• Difusión a través de correo electrónico ao profesorado das diversas convocatorias de axudas para mobilidade que se vaian publicando. Publicación da información nun apartado específico da páxina web da Facultade.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou valoración:</b></p> <p>E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve</p> <p>E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)</p> <p>R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u></p> <p>I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas</p> <p>I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.</p> <p>I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u></p> <p>I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos</p> <p>I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)</p> <p>I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)</p> <p>I02-PE: Cualificación do PDI</p> <p>I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)</p> <p>I03(2)-PE: Profesorado por categoría</p>	

## CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

<p><b>Estándar:</b> Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as. Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.</p>
<p><b>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</b></p> <p>As actuais titulacións que se imparten na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, así como o feito de que o centro albergue gran parte dos servizos centrais do campus de Pontevedra, sitúanos ante unha facultade que goza de multitude de aulas, laboratorios e outros espazos docentes. Será, nestes últimos, onde se imparta a docencia correspondente ao Grao en Dirección e Xestión Pública da Universidade de Vigo.</p> <p>Os espazos do centro responden os criterios de accesibilidade universal esixidos. A recente construción do edificio (que data do 2000) supón que o mesmo xa se axustaba aos criterios de accesibilidade necesarios (ascensores, ancho de portas...). A pesar dese feito, nos últimos anos realizáronse as adaptacións e melloras necesarias para cumprir amplamente este requisito tanto no referido ao acceso ao propio centro como a posibilidades de integración do alumnado con necesidades especiais. En concreto realizáronse modificacións externas: ramplas de acceso e prazas de aparcamento e internas:</p>

adecuación dos aseos, das mesas de traballo e da iluminación, que atenderon a demandas concretas do alumnado e que foron canalizadas a través do Vicedecanato de Calidade.

O Sistema de Garantía Interno de Calidade do centro inclúe o “Procedemento para a xestión dos recursos materiais” (PA07) que garante a correcta xestión dos mesmos e que se acompaña do “Procedemento para a xestión de servizos” (PA08) onde se establecen pautas para mellorar a coordinación entre recursos materiais e servizos. O PA07 trata de reducir custos innecesarios alcanzando un alto índice de éxito e satisfacción nos servizos cos que se relacionan. Na actualidade, e como veremos a continuación, son numerosos os recursos materiais cuxa xestión depende directamente do propio centro. Para evitar problemas de coordinación, homoxeneizáronse procedementos establecendo accións institucionalizadas para optimizar os resultados.

A Comisión de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo, con periodicidade anual ou inferior ante situacións de cambio, realizará un informe dos recursos materiais do Centro, así como dos índices de satisfacción, reclamacións e procesos abertos relacionados cos mesmos, elaborando finalmente propostas para emendar debilidades detectadas. Estas propostas remítense ao Equipo Decanal para a súa aprobación ou/e remisión á Xunta de Facultade. Aprobadas as accións correctoras, iniciaranse os trámites para a súa posta en marcha.

Con todo, vendo o deseño que se dispuxo para impartir as distintas materias que integran este Grao (clases teóricas, prácticas, docencia virtual etc.) é oportuno insistir en que existen espazos adaptados para albergar as distintas actividades asociadas a cada unha das materias que conforman a titulación. Actualmente, o Centro dispón dos seguintes espazos para as diferentes modalidades de docencia:

A) Modalidade presencial:

(1) **ESPAZOS E INFRAESTRUTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE:** as aulas distribúense en función das necesidades docentes, sendo estes consultados de maneira paralela á elaboración e aprobación dos horarios do Grao. A súa publicidade tamén se realiza antes do comezo da docencia, para o seu coñecemento polo alumnado e profesorado. Estas aulas son compartidas por outras titulacións do centro, coordinándose desde Secretaría a súa distribución e a dotación dos medios requiridos cando sexa necesaria a súa modificación ou ampliación. Unha persoa con coñecementos especializados encárgase do mantemento dos medios informáticos. Existen aulas que cumpren con dotación suficiente para que poidan acceder á docencia persoas con dificultades de mobilidade. Organízase a distribución das aulas tendo en conta estas circunstancias.

- Aulas para o ensino teórico: 8 aulas amplas e confortables na planta baixa, que constan de todos os medios necesarios para o desenvolvemento de clases de carácter fundamentalmente teórico. Capacidade de entre 100 e 150 prazas cada unha. Dotación: asento de banco corrido e mesa contigua para o alumnado. Mesa e dúas cadeiras para o docente. Lousa, canón, pantalla de proxección audiovisual, torre informática (CPU, mesa de son e pantalla de computador).

- Seminarios para docencia de pequenos grupos teórico-prácticos e traballo en grupo: 6 seminarios. Capacidade de entre 20 e 50 prazas. Dotación: cadeiras de pa movibles. Mesa e dúas cadeiras para o docente. En todos existe lousa; nalgúns tamén canón, pantalla de proxección audiovisual, torre informática (CPU, mesa de son e pantalla de computador); e noutros casos con televisores e reprodutores audiovisuais.

- Seminarios: 2 seminarios para a realización de traballos en grupo e a impartición de docencia teórico-práctica cunha presenza menor de alumnado. Capacidade de entre 30 e 40 prazas.

- Aula de informática: 2, dedicadas á realización de traballos de carácter máis práctico, e con medios específicos de software e hardware. Capacidade de 30 prazas. Dotación: Mesas de traballo de gran tamaño (contiguas) e cadeiras individuais para o alumnado. Mesa e dúas cadeiras para o docente. Nos dous seminarios existe lousa; canón, pantalla de proxección audiovisual, torre informática (CPU, mesa de son e pantalla de computador). Equipada con equipos informáticos en constante renovación de software e hardware.

- Aula de acceso a internet para o alumnado, empregando unha conexión fixa. Capacidade de 30 prazas.

- Aula audiovisual, destinada a proxeccións audiovisuais. Capacidade de 50 prazas. Dotación: cadeiras de pa movibles. Mesa e dúas cadeiras para o docente. Equipamento para a reprodución de diverso material audiovisual como reprodutor de DVD, proxección de diapositivas, reprodución de imaxes, etc.

(2) **OUTROS ESPAZOS DO CENTRO DEDICADOS A ACTIVIDADES ACADÉMICAS**

- Salón de Graos: dedicado á defensa de tese, TFG, TFM e a celebración de conferencias. Capacidade: 64 prazas.

- Salón de actos: a maior aula magna do Sistema Universitario de Galicia, con medios para a proxección cinematográfica. Capacidade de 400 prazas.

(3) **OUTROS MEDIOS E INSTALACIÓNS**

- Zona wifi en todo o centro. Ademais, na primeira planta existe unha zona habilitada con mesas e cadeiras (e un gran número de enchufes) para que o alumnado poida conectarse empregando os seus dispositivos electrónicos. Capacidade: 30 prazas.
- Sala de Xuntas: usualmente empregada para a celebración de Xuntas de centro. Tamén pode utilizarse para actividades docentes para grupos grandes, como espazo para reunións e conferencias, e como lugar habilitado para as agrupacións e asociacións do centro que celebren aquí as súas reunións previa solicitude á dirección da Facultade. Capacidade: 54 prazas.

- Sala Multimedia: dúas salas equipadas con sistemas de videoconferencia, con capacidade de conexión a outros Centros e universidades. Capacidade de 30 prazas.

- Biblioteca Central do Campus de Pontevedra, localizada no mesmo centro: pon ao dispor da comunidade universitaria, un conxunto de servizos e recursos de información como apoio á aprendizaxe, docencia e investigación. A Biblioteca Central do Campus de Pontevedra é o punto de servizo máis directo para o Grao en Dirección e Xestión Pública con bibliografía e outra documentación especializada neste ámbito. Capacidade: 348 prazas. Dotación: mesas (grandes e contiguas) e cadeiras. Acceso a un gran número de enchufes para a conexión mediante portátiles.

Nos últimos anos foise realizando a renovación gradual de equipos informáticos nas aulas e executáronse diversas obras no centro orientadas á mellora dos espazos, na medida na que os orzamentos o posibilitaron, o que permite que os diversos grupos de interese manifesten satisfacción respecto diso. Co obxectivo de mantela, priorizar accións de mellora de infraestruturas e instalación e renovación de equipamentos relacionadas con demandas directas dos grupos de interese. Recentemente, produciuse un investimento elevado en medios dixitais en todas as aulas e seminarios.

Actualmente, a Facultade conta cos recursos necesarios para atender ás necesidades docentes do plan proposto. O Sistema de Garantía Interno de Calidade do centro garante que se realice un correcto programa de seguimento, revisión e planificación das necesidades materiais e recursos, dando lugar a plans de actuación de carácter anual que requirirán de forma permanente unha porcentaxe importante do orzamento do mesmo centro. Desta forma, podemos estimar que a previsión realizada é de actualización anual dos recursos materiais. Considérase que os medios descritos son adecuados para o desenvolvemento das actividades formativas propostas.

A finais do curso académico 2020/2021 acórdase a asignación de 7 aulas na primeira planta para uso exclusivo da docencia teórica do Grao en Dirección e Xestión Pública, e un aula de acceso a internet, con capacidade entre 20 e 50 prazas. Adicionalmente, realízanse unha obra en dúas das aulas (aula 3 e 4), eliminando o tabique existente entre ámbalas dúas e substituíndoo por unha parede móbil. De xeito paralelo, realízanse obras na primeira planta do edificio para acoller o novo Decanato da Facultade de DXP. E, deste xeito, habílanse 6 seminarios para prácticas, cunha capacidade de ata 25 prazas. Todos estes espazos son dotados con mesas e cadeiras para o alumnado e equipos informáticos de última xeneración. Puxéronse á disposición do alumnado ao comezo do curso 2021/2022.

#### B) Modalidade a distancia (semipresencial en 2º, 3º e 4º curso)

En canto aos recursos materiais e servizos na **modalidade non presencial**, a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación é o lugar de referencia e encontro entre os/ as estudantes, os/ as docentes e o equipo directivo. Con iso, queremos facer constar que se garante a plena dispoñibilidade do material informático necesario, así como a eficacia dos servizos informáticos e especialmente das persoas responsables da plataforma Faitic/Moodle.

Por tanto, a pesar da impartición a distancia, aqueles estudantes que, ben por residir en zonas próximas, ben por realizar estancias na Universidade de Vigo dentro de programas de mobilidade, ou ben porque queren desprazarse fisicamente á Universidade, terán á súa disposición todas as instalacións e servizos universitarios: salas de computadores de libre acceso, bibliotecas, instalacións deportivas, residencias, comedores, rede wi-fi, etc.

Tamén é necesario incidir nos mecanismos que garanten o mantemento e modernización dos equipos e programas informáticos e a plataforma Moodle. Neste sentido, o servizo de Teledocencia da Universidade de Vigo, que ten o encargo do mantemento do Campus Virtual da UVigo, creou recentemente un novo "Campus Virtual" co inicio de cada curso académico, instalando novas instancias do software que o compón. Estas novas instancias corresponden habitualmente coa última versión do software dispoñible, en caso de existir unha nova versión ou "release". Deste xeito, a versión de Joomla que soporta o portal "front-end de acceso" é a 2.5 e a versión de Moodle, 3.5.

O principal recurso utilizado nesta modalidade semipresencial é a plataforma de teledocencia Faitic, <http://faitic.uvigo.es/index.php/é/> onde se aloxan os espazos virtuais das materias, así como unha serie de espazos comúns. O alumnado pode tamén acceder ás instalacións da Facultade, en especial, á biblioteca central do Campus, ás aulas de informática e ás salas de reunións debidamente equipadas (ver E18). O uso destes espazos atópase regulado polo Plan de

autoprotección do centro (<http://csc.uvigo.es/facultade/plan-de-autoproteccion/>). De feito, un ítem que ven recibindo unha boa valoración nas enquisas de satisfacción de persoas tituladas (curso 2020/2021 son as plataformas de teledocencia e as ferramentas multimedia (3,50).

En canto aos equipos informáticos, os estudantes matriculados contan cos seus propios dispositivos e conexión a Internet, seguindo sen ningún tipo de dificultade técnica o ritmo das materias.

#### C) Modalidade a distancia (virtual, 1º curso)

No caso da modalidade a distancia, o principal recurso utilizado é a plataforma de teledocencia (<https://moovi.uvigo.gal>) Moovi substitúe dende o curso 2020-21 á anterior plataforma (Faitic) a partir da implementación dunha nova versión de Moodle.

En función da experiencia do alumnado e profesorado, podemos cualificar o funcionamento de Moovi como altamente satisfactorio. Os usuarios (estudantes, docentes, coordinación e administración) poden acceder a esta plataforma a través de Internet en calquera momento e lugar. O acceso está restrinxido segundo o perfil do usuario/a. Todas as materias do Grao Virtual dispoñen dunha páxina no Campus Virtual baixo a plataforma de software libre Moodle dende a que os estudantes teñen acceso a diversos contido do curso: textos, enlaces, tarefas, recursos, foros, cualificacións e diferentes canles de comunicación síncrona o asíncrona. Pola súa banda, os docentes, a través de la plataforma, acceden a este espazo cun contrasinal persoal e permisos especiais e poden realizar unha serie de accións, dende publicar documentos en calquera formato (Word, PDF, HTML, vídeo, etc.) administrar foros de debate, deseñar probas de avaliación, ata publicar avisos ou comunicarse cos estudantes. Para o curso 20-21 a Coordinación e o profesorado creou estes espazos virtuais destinados tanto aos distintos Espazos Comúns como ás materias. Nestes espazos o alumnado ten acceso aos materiais de estudo, ás diversas ferramentas de comunicación e aos recursos e actividades avaliativas.

Adicionalmente, a Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacions-ATIC, encárgase de xestionar e administrar todas as aplicacións corporativas da Universidade de Vigo, así como de configurar e administrar todas as infraestruturas e servizos informáticos relacionados coa rede de comunicacións, telefonía, atención ás persoas usuarias, webs e sistemas, cubrindo as necesidades de apoio informático ás tarefas de estudo, docencia, investigación e xestión. <https://www.UVigo.gal/es/Universidade/administracion-personal/organizacion-administrativa/area-tecnologias-informacion-comunicaciones>

En canto aos equipos informáticos, os estudantes matriculados contan cos seus propios dispositivos e conexión a Internet, seguindo o ritmo das materias sen que se teña constatado ningunha incidencia. Unha acción importante que se implementa ao comezo do curso é enviar ao alumnado un correo electrónico informándolle de maneira pormenorizada como entrar na plataforma de teledocencia (Moovi).

Pola súa banda, na E19 pódese acceder a unha análise sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida, así como aos informes dos distintos Plans de Acción Titorial dos cursos obxecto de acreditación. En liñas xerais, o desempeño destes servizos é altamente satisfactorio.

Paralelamente, podemos concluír, en función dos datos que se mostran nas seguintes táboas, que, a pesar de que en anos anteriores as enquisas de satisfacción amosaban que un dos epígrafes peor valorados polo alumnado era o relativo ás aulas e o seu equipamento, o investimento realizado na súa mellora ocasionou un incremento considerable na valoración na última enquisa, acadando 4 puntos, o que nos permite concluír que os recursos materiais e o funcionamento dos servizos é óptimo.

En canto aos programas de acollida e apoio ao alumnado, desde o curso 2019/2020 vense realizando unha xornada de benvida específica para o alumnado de primeiro curso de ambas as modalidades na que participa a coordinación do título, as persoas encargadas da coordinación de prácticas e TFG, o responsable de mobilidade do centro, as persoas coordinadoras de módulos e os responsables do PAT. De modo paralelo, tomando nota dos resultados das enquisas de satisfacción, nos que se recollía que a orientación laboral era un dos elementos peor valorados, organizáronse xornadas específicas de saídas profesionais dende o curso 2019/2020, manténdose na actualidade.

Polo que fai ás prácticas académicas externas, os convenios que asina a Universidade con empresas ou entidades colaboradoras obrigan a estas últimas a proporcionar todo o material e medios necesarios para que o alumnado desenvolva

adecuadamente o seu labor durante as prácticas. Ademais, a coordinación de prácticas encargarase de tutorizar aos alumnos e alumnas durante a súa actividade nas prácticas externas e supervisar o cumprimento das condicións acordadas entre a entidade e a Universidade de Vigo (ver E23). Dado que o obxectivo principal das prácticas académicas externas é que o alumnado desenvolva as competencias adquiridas ao longo da titulación e obteña unha experiencia práctica que facilite a súa inserción no mercado de traballo, os lugares para a realización das prácticas adoitan ser entidades públicas ou privadas (Concellos, Deputacións, Fundacións, consultorías, xestorías, asesorías, etc). Ademais, o alumnado do Grao en Dirección e Xestión Pública pode realizar prácticas académicas externas curriculares e/ou extracurriculares en todas aquelas entidades que teñan asinado un convenio en vigor coa Universidade de Vigo que non estean incluídas nesta listaxe.

O informe de acreditación do Grao en DXP da ACSUG de 2021 recolle a necesidade de mellora dalgúns elementos das instalacións: a rede WIFI, incrementar os espazos para o traballo autónomo do alumnado, actualización do equipamento informático que quedara obsoleto, así como facilitar ao alumnado o acceso a programas de software necesarios para o seguemento das diferentes asignaturas.

**Puntos febles detectados:**

- Deficiencias na rede wifi do centro
- Necesidades de traballo autónomo do alumnado.
- Deficiencias na orientación laboral
- Equipos informáticos obsoletos.
- Problemas de acceso do alumnado a programas de software necesarios para o seguemento dalgunha asignatura

**Accións de mellora a implantar:**

- Reforzo da sinal de wifi do centro por parte la unidade competente. Realizado no curso 2021/2022.
- Creación dun espazo específico (ágora) no primeiro andar para traballo autónomo do alumnado, con mesas e cadeiras. Realizado no curso 2021/2022.
- Organización de xornadas de saídas profesionais para alumnado presencial e virtual dende o curso 2019/2020, para complementar a labor xa realizada polo servizo de orientación académica e laboral da UVIGO.
- Inversión en equipos informáticos de última tecnoloxía para todas as aulas de DXP. Implementado no curso 2021/2022.
- Fomento do emprego de software libre e dotación con programas de software específico nos equipos da aula de acceso a internet. Implementado no curso 2021/2022.

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título  
 E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT  
 E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.  
 E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título  
 E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia  
 E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos  
 I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas  
 I11: N° de alumnado por centro de prácticas.  
 I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

En xeral, o proceso de ensino-aprendizaxe do presente Grao responde as esixencias propias dunha titulación impartida baixo modalidade presencial, a distancia e semipresencial e ao grao de especialización do nivel 2 do ARROLAS, como pode comprobarse no contido das guías docentes (ver E4) e na listaxe de Traballos Fin de Grao (E24). Na modalidade presencial, desenvólvense na aula as diferentes metodoloxías e actividades, utilizando como complemento o portal de teledocencia da UVigo (Moovi). Na modalidade semipresencial e virtual, os obxectivos e as competencias das materias trasládanse ao espazo de ensino virtual, onde se desenvolven as diferentes metodoloxías e actividades, alóxanse os materiais de estudo e ponse en práctica os sistemas de avaliación continua. O alumnado semipresencial conta con tres sesións presenciais voluntarias en cada unha das materias. A avaliación final é, en ambas as modalidades, presencial. O alumnado da modalidade virtual conta ademais cunha serie de calendarios aloxados nos espazos das materias onde se pauta o seu traballo e estudo: calendario semanal, calendario de entrega de actividades, calendario das clases virtuais, calendario da entrega extraordinaria de actividades e calendario das clases virtuais.

O espazo virtual do grao na plataforma de teledocencia estrutúrase ao redor de dous grandes bloques: o bloque de coordinación e o bloque das materias. No primeiro, o Espazo Común do Grao é un espazo que permite informar o alumnado de maneira pormenorizada sobre o contido do Grao (organización das materias, festión administrativa, actividades organizadas), abrindo un apartado de comunicación a través de diferentes foros e ferramentas mediante as cales a coordinadora envían mensaxes ao alumnado, e o alumnado pode enviar dúbidas, propostas ou suxestións. Doutra banda, no bloque de materias atópanse os espazos virtuais específicos das materias e do TFG, ás que accede o alumnado. Para facilitar o acceso á información por parte do alumnado, a partir do curso 2020/2021, a Comisión Académica do Grao acordou que todas as materias mantivesen una mesma estrutura, co obxecto de dar coherencia ao conxunto do Grao.

Polo que fai ao desenvolvemento das clases, a media por grupo de docencia na modalidade presencial sitúase entre 20 e 25 estudantes nos últimos cursos; a media por grupo de docencia na modalidade semipresencial e virtual sitúase entre os 20 estudantes. Estes números son satisfactorios para abordar con certa eficacia o proceso de ensino-aprendizaxe nas dúas modalidades.

Tanto na modalidade presencial como -e moi especialmente- na semipresencial e na nova modalidade virtual, o profesorado abandona o seu rol tradicional de transmisor de coñecementos e convértese nun guía, apoio e, en definitiva, en facilitador de recursos para a adquisición de competencias por parte do alumnado. Neste sentido, unha das súas principais prioridades é tentar crear un clima distendido no grupo incentivando a participación en clase (na modalidade presencial) ou a través dos diferentes foros e abrindo canles de comunicación (na modalidade virtual/semipresencial).

Con respecto ao Traballo Fin de Grao (TFG), o traballo consiste na realización dunha investigación orixinal sobre un tema relacionado co contido do Grao que cada estudante realiza de maneira autónoma baixo a tutorización dun/a docente. Con esta investigación debe demostrar que asimilou as competencias do título ademais de saber trasladalas a un informe, o TFG propiamente devandito, co propósito de expoñelo posteriormente ante un tribunal. Tal como mostra o regulamento de TFG, a defensa realízase presencialmente para a modalidade presencial e semipresencial. O alumnado da modalidade virtual poderá realizar a defensa do TFG nun entorno virtual.

Para realizar unha revisión transversal das materias e comprobar o material docente e as probas de avaliación, pódese acceder tanto á plataforma Moovi como ás Guías Docentes.

En canto ás enquisas de satisfacción do alumnado (I4), os resultados son moi satisfactorios (3,5 na modalidade presencial e 2,5 na modalidade semipresencial no curso 2020/2021, todos eles moi por encima da meta de calidade asociada aos obxectivos de calidade do centro. Os resultados de satisfacción do profesorado son, igualmente, satisfactorios (4,71 no curso 2020/2021, realizándose a enquisa con carácter bianual)

<p>A taxa de éxito global do título (I12) cumpre os obxectivos de calidade, e sitúase no 96% no curso 2020/2021. No relativo ao éxito por materia, nos últimos cursos prodúcese en xeral un incremento das cifras. Hai materias nas que aínda existen variacións puntuais que nalgún caso sitúanas por baixo do conxunto da titulación e outras, limitadas, nas que o nivel de éxito segue manténdose de forma constante por baixo da media da titulación (a estas últimas estase prestando especial atención no curso 2021/2022, introducindo cambios nos sistemas de avaliación, para valorar se a existencia de exames orais podía estar disuadindo ao alumnado á hora de presentarse ao exame final)</p> <p>Non se evidencian incidencias relacionadas cos resultados de aprendizaxe.</p> <p>Como non podía ser doutro xeito, tanto os resultados das enquisas de satisfacción como os resultados de aprendizaxe son tidos en conta para a revisión e mellora do plan de estudos. Igualmente, para este fin utilízase a información derivada tanto do PAT como do informe de enquisas de valoración docente (E26).</p>	
<p><b>Puntos febles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Disparidades nas diferentes materias á hora de presentar a información facilitada ao alumnado.</li> <li>• Nivel de éxito limitado nalgunhas materias.</li> </ul>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Acórdase que todas as materias do grao manteñan a mesma estrutura no espazo virtual da plataforma de Teledocencia. Implantada no curso 2020/2021.</li> <li>• Análise detallada das causas e establecemento dun plan de acción en consecuencia. Introducción de cambios nos sistemas de avaliación dalgunhas materias no curso 2021/2022 para comprobar os efectos na taxa de éxito.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou la valoración:</b></p> <p>E4: Guías docentes das materias</p> <p>E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e calificación)</p> <p>E25/: Informes de cualificación por materia</p> <p>EA11: Informes de prácticas</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análisis xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción</p> <p>I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)</p>	

## CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

<p><b>Estándar:</b> Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.</p> <p>Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.</p>
<p>Máster realizouse no curso 2020-21 un único recoñecemento a instancia do estudante, obtendo un informe favorable. A CAM (E5) considera na resolución que o estudante adquiriu na titulación de orixe as competencias da materia do Máster obxecto de recoñecemento.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>A normativa sobre TFM. O regulamento propio de TFM desenvolve o procedemento en liña de solicitude de elaboración e defensa a través da plataforma de teledocencia da UVigo á vez que recoñece unha dobre opción para desenvolver as competencias relacionadas coa defensa do traballo: defensa presencial e defensa virtual asíncrona (mediante a gravación dun vídeo e o envío das respostas a unha serie de preguntas que previamente formula o Tribunal e remite a coordinación aos estudantes) ou síncrona (defensa a través da plataforma de videoconferencia da Uvigo, Campus Remoto). A reforma do regulamento aprobada pola CAM o 16 de decembro de 2019 recoñece ademais dous tipos de tribunais de avaliación: Tribunal Colexiado e Tribunal Unipersoal.</li> </ul>	
<p><b>Puntos débiles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>O alumnado non participou en ningún programa de mobilidade.</li> </ul>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Acción de mellora A. Plan de información ao estudiantado sobre programa de mobilidade da Uvigo (21-22)</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que basea a valoración:</b></p> <p>E1: Memoria vixente do título  E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora  E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)  E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)  E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade  E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).  QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza</p>	
<p><b>Indicadores nos que se basea a valoración:</b></p> <p>I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición</p> <p>I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia  I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)  I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros  I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.  I01-AC: Nota media de acceso  I01(2)-AC: Nota mínima de acceso  I02-AC: Ocupación  I03-AC: Preferencia  I03(2)-AC: Adecuación</p>	

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA**

<p><b>Estándar:</b> A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.</p> <p>Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).</p>	
<p><b>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</b></p> <p>A información trasladada a través da páxina web oficial do Máster ( <a href="https://masterdireccionyliderazgo.webs.uvigo.es/">https:// masterdireccionyliderazgo.webs. uvigo.es/</a>) é suficiente, relevante, obxectiva, accesible e actualízase anualmente antes de cada convocatoria de matrícula. Esta páxina web foi renovada ao finalizar o curso 2019 - 20. Nestes momentos (finais mes marzo de 2022), atópase en proceso de actualización e reforma de cara a implantación do novo plan de estudos no curso 2022-23 (ver en ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS, Acción de mellora 2)</p> <p>Con respecto á satisfacción dos diferentes grupos de interese con respecto á web e á información pública, o alumnado valora moi positivamente a utilidade da páxina da titulación (3.70), así como a facilidade de atopar contidos nela (3.64). A menor valoración é para a información sobre actividades extracurriculares (3.25). Neste sentido, é preciso indicar que este tipo de información é trasladada ao estudantado fundamentalmente a través da plataforma de teledocencia da UVigo (Moovi). O profesorado valora este ítem con 5 puntos e as persoas egresadas con 4,8 puntos (acceso en <a href="https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/28">https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/28</a>)</p>	
<p><b>Puntos febles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•</li> </ul>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>•</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b></p> <p>E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)</p> <p>R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública</p> <p>QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.</p>	

**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE**

<p><b>Estándar:</b> A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.</p> <p>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.</p>	
<p><b>Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:</b></p> <p>Os principais procedementos a través dos cales se recompila información sobre o título de forma permanente son o Plan de Acción Titorial, o Informe de Revisión pola Dirección e o Informe de Accións de Coordinación, cuxos resultados son revisados e analizados na Comisión Académica do Máster e na Comisión Interna de Calidade da Facultade, en especial aqueles relativos aos indicadores de rendemento, abandono, graduación e satisfacción, que detallaremos nas seguintes dimensións deste Autoinforme (ver en ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS, Acción de mellora 3)</p> <p>O Plan de Acción Titorial, aprobado o 5 de novembro de 2014, recolle no apartado 6.2 actuacións específicas para titulacións non presenciais como este Máster, desenvolvendo unha serie de titorías que permiten a detección e xestión de incidencias ao longo do curso a través dun amplo abano de medios que proporciona a plataforma de teledocencia.</p> <p>En canto ao sistema de queixas e suxestións, a Universidade de Vigo dispón dun sistema electrónico e centralizado denominado QSP que favorece o seguimento das incidencias e o control do tempo de resposta. Desde o curso 2016-17 todos os espazos virtuais das materias do Máster contan cunha entrada a este sistema.</p>	

O SGC permitiu o seguimento do título e introducir modificacións destinadas á mellora continua na xestión do máster e nos resultados de aprendizaxe. No apartado IV deste informe pódese acceder á seguinte información:

- Estado de situación das mellora propostas no(s) informe(s) anterior(es)
- Listaxe de (novas) accións de mellora propostas

O permanente proceso de actualización do SGC, que pode comprobarse na web da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación (<https://csc.uvigo.es/calidade/sgic/>), é o resultado da reflexión baseada nos distintos indicadores que recollen os Informes anuais de seguimento e de revisión realizados pola dirección. De forma paralela, tanto a comisión académica do título como a Comisión de Calidade do centro analizan os resultados de PAT e as enquisas de satisfacción para detectar posibilidades de mellora que se trasladan aos plans correspondentes. En ambas as comisións están representados os distintos actores implicados no título e a súa participación resulta decisiva.

No tocante á satisfacción dos grupos de interese (I4), o alumnado valora as vías para poder participar na mellora da titulación con 3.36 puntos. Se ben a puntuación está por riba da media da Uvigo, e a pesar de que a Caixa QSP está presente no espazo de todas as materias e no Espazo Común, vaise reforzar o seu coñecemento informando ao estudantado de forma máis persistente (ver en LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS, Acción de mellora B). O profesorado valora esta vía con 4.47 puntos e as persoas egresadas con 5 puntos. Finalmente, o persoal PAS valora a xestión de calidade do conxunto dos másteres da Facultade con 3.26 puntos.

#### Puntos febles detectados

- Descoñecemento da existencia da Caixa QSP

#### Accións de mellora a implantar:

- Acción de mellora B. Reforzo do coñecemento da Caixa QSP por parte do alumnado (2022-23)

#### Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

#### Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

**I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro**

## CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

**Estándar:** O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O profesorado que participa no título é suficiente e o seu grao de dedicación, a súa cualificación e experiencia son adecuados para levar a cabo o plan de estudos. A experiencia docente do profesorado desenvólvese en diferentes titulacións de Ciencias Sociais, predominando a área de Ciencia Política, contando tamén coa colaboración doutros expertos de recoñecido prestixio académicos a nivel nacional e internacional relacionados co ámbito da dirección e xestión pública.

No curso 2020-21 a planificación docente estivo formado por 22 profesores, dos cales 12 son profesores pertencentes á Universidade de Vigo e 10 é profesorado externo. Véxase evidencia E15.

A necesidade de contar no persoal docente con persoal doutras universidades e/ou centros de investigación e traballo xustifícase polo propio perfil multidisciplinar do Máster e pola decisión de dispoñer das e os especialistas mellor cualificados nos contidos das materias impartidas, que complementen de maneira idónea os recursos docentes da Universidade de Vigo.

O profesorado que imparte docencia no Máster é na súa maioría persoal docente funcionario ou persoal contratado doutor. Respecto á experiencia investigadora e acreditación en tramos de investigación recoñecidos, actualmente o Máster conta con 25 sexenios de investigación, 10 sexenios recoñecidos a docentes da Universidade de Vigo e 13 sexenios de investigación recoñecidos a persoal docente externo. Este número mantívose con lixeiras variacións nas últimas edicións do Máster. Neste punto faise preciso aclarar que, a pesar da adquisición de novos sexenios de investigación do persoal docente do Máster, o incremento non se ve reflectido no número de sexenios actuais, motivado pola xubilación en 2019 dun dos docentes, catedrático da área de Ciencia Política, con 3 sexenios recoñecidos.

No referido á experiencia docente podemos afirmar que practicamente o 100% do profesorado (persoal docente) ten máis de 10 anos de experiencia docente en titulacións do ámbito da Ciencia Política en centros de educación universitaria (véxase evidencia E15).

Loxicamente polo propio perfil da titulación e ao tratarse dun Máster ofertado desde a área de Ciencia Política, a maioría dos docentes da Universidade de Vigo pertencen á Área de Ciencia Política e da Administración (9 docentes), aínda que atendendo ás diferentes materias ofertadas e o perfil multidisciplinar do título cóntase coa colaboración de docentes doutros departamentos da Universidade de Vigo:

- Departamento de Organización de Empresas e Mercadotecnia (dúas profesoras contratadas doutoras).
- Departamento de Estatística e Investigación Operativa (un Profesor Titular)
- Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemán (unha profesora contrata doutora).

Ademais, dende o inicio da súa impartición, o Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional contou coa colaboración de docentes doutras universidades e centros de investigación, españois e estranxeiros, que colaboraron na impartición das materias do Máster. En todos os casos foron profesionais de alto prestixio académico e investigador, recoñecido nacional e internacionalmente. As e os docentes externos poderán ademais colaborar como cotitoras/é nos Traballos Fin de Máster, sendo titorizados estes por docentes da Universidade de Vigo. A Comisión Académica do Máster será a encargada de asignar o titor ou titora a cada estudante, en función do perfil deste e do currículo desexado.

En relación co profesorado externo pertencente a outras Universidades, trátase de recoñecidos especialistas que complementan e desenvolven liñas de investigación relacionadas cos diferentes aspectos teóricos e aplicados das materias nas que imparten a súa docencia.

- Catedrático de CC Política y de la Administración (Universidad Rey Juan Carlos, Madrid)
- Catedrático de Ciencia Política y de la Administración (Universitat Pompeu Fabra, (Barcelona)
- Profesor Titular de Ciencia Política y de la Administración (Universidad Carlos III de Madrid)
- Científica Titular del Instituto de Bienes y Políticas Públicas del Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)
- Profesor agregado (titular) Universitat Autònoma de Barcelona
- Dous profesores Titulares del Departamento de Ciencia Política y de la Administración II en la Facultad de Ciencias Políticas y Sociología (Universidad Complutense de Madrid)

Véxase CV do profesorado en evidencia E15. Os CV do profesorado e materias impartidas están accesibles así mesmo na páxina web do máster: <http://masterdireccionyliderazgo.webs.uvigo.es/profesorado/>

En relación co previsto na Memoria, a composición é numericamente similar ao contemplado na mesma e garda unha proporción de profesores catedráticos, titulares e contratados doutores igualmente similar. A participación das e os docentes nos programas de formación e mobilidade é adecuada aos obxectivos expostos na memoria. Segundo o I6/I017(2)-PE, a 13 docentes participaron no 20-21 nalgún curso formativo. Tampouco ningún docente no máster participou no curso 20-21 nalgún dos programas de mobilidade ofertados pola UVigo.

No tocante ás enquisas de avaliación da docencia, podemos comprobar no I8 que a valoración global do profesorado é boa, situándose nos 4.31 puntos. Destacan positivamente os ítem sobre os criterios de avaliación establecidos na guía Docente (4.40) e a resolución con claridade das dúbidas (4.34). Os valores máis baixos atópanse no volume de traballo do alumnado con relación aos créditos da materia (4.03) e na organización das clases para facilitar a aprendizaxe (4.19). Con todo, ningún ítem baixa dos 4 puntos (ver en ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS, Acción de mellora 4)

O persoal de administración e servizos ( PAS) do centro de impartición do Máster está vinculado á Facultade de Ciencias Sociais e Comunicación e no curso 2020-201 presentaba un perfil adecuado ás necesidades de impartición do título (véxase evidencia E16). Asemade, segundo o I7/I017-PE, o 35,83% do PAS participou en plans de formación.

Cómpre ter en conta que ao tratarse dun Máster completamente virtual a asistencia do Servizo de Teledocencia da Universidade de Vigo, integrado na área das Tecnoloxías da Información e Comunicacions ( ATIC), é esencial. Neste sentido, é preciso sinalar que o persoal de apoio que traballa neste servizo conta cun alto nivel de implicación e cualificación, acorde coas ás previsións que se incluíron na memoria verificada. (ver en ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS, Acción de mellora 5)

En conclusión, tendo en conta os recursos humanos dispoñibles e os datos presentados, e baseándonos na experiencia de impartición do Máster durante dez cursos, podemos afirmar que é perfectamente viable o desenvolvemento da Titulación.

**Puntos febles detectados:**

- Non se detectan.

**Accións de mellora a implantar:**

- Non se contemplan.

**Evidencias nas que se baseou valoración:**

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve  
E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)  
R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI  
I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas  
I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.  
I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución  
I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos  
I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)  
I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)  
I02-PE: Cualificación do PDI  
I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)  
I03(2)-PE: Profesorado por categoría

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS**

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as. Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O principal recurso utilizado neste Máster é a plataforma de teledocencia (Moovi: <https://moovi.uvigo.gal>) onde se aloxan os espazos virtuais das materias, así como unha serie de espazos comúns. Moovi substitúe dende o curso 2020-21 á anterior plataforma (Faitic) a partir da implementación dunha nova versión de Moodle. En calquera caso, o alumnado pode tamén acceder ás instalacións da Facultade, en especial, á biblioteca central do Campus, ás aulas de informática e ás salas de reunións debidamente equipadas (ver E18 e E21). O uso destes espazos atópase regulado polo Plan de autoprotección do centro (<http://csc.uvigo.es/facultade/plan-de-autoproteccion/>).

En canto aos equipos informáticos, os estudantes matriculados contan cos seus propios dispositivos e conexión a Internet, seguindo sen ningún tipo de dificultade técnica o ritmo das materias. Unha acción importante que se implementa ao comezo do curso é enviar ao alumnado un correo electrónico informándolle de maneira pormenorizada como entrar na plataforma de teledocencia (Moovi).

Na E18 realízase unha análise de Moovi cuxo funcionamento podemos cualificar como eficiente. O Servizo de Teledocencia da UVigo garante o seu mantemento e actualiza periodicamente os equipos e programas informáticos. Entre as súas principais funcións atópase a de crear, cada curso académico, os espazos virtuais destinados tanto á coordinación (Espazo Común) como ás 18 materias do Máster e ao TFM. Nestes espazos o alumnado ten acceso aos materiais de estudo, ás distintas ferramentas de comunicación e aos recursos e actividades avaliativas (ver E22).

Pola súa banda, na E19 pódese acceder a unha análise sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida, así como aos informes dos distintos Plans de Acción Titorial do curso obxecto de acreditación. En liñas xerais, o desempeño destes servizos é altamente satisfactorio.

Así mesmo, podemos concluír, en función dos datos do I4, que o nivel de satisfacción das persoas usuarias cos recursos materiais e o funcionamento dos servizos é, en liñas xerais, elevado. Os estudantes valoran de media con 3,5 puntos os diferentes ítem. Salienta a puntuación da plataforma de teledocencia e ferramenta multimedia (3,64), fronte a puntuación dos laboratorios, obradoiros e espazos experimentais (3,33). Neste sentido, cómpre apuntar a limitación da enquisa neste apartado pois o alumnado puntúa unha realidade que non pode experimentar ao cursar unha titulación completamente virtual. Pola súa banda, as/os docentes valoran moi positivamente os servizos (4,7), especialmente os espazos auxiliares (4,89), e o persoal PAS os puntúa de media cun 3,6 puntos, sobre todo as instalacións e o equipamento onde realiza o seu traballo (4). As persoas egresadas valoran unicamente as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia outorgándolle os 5 puntos.

**Puntos febles detectados:**

- Non se detectan.

**Accións de mellora a implantar:**

- Non se contemplan.

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título  
 E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT  
 E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.  
 E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título  
 E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia  
 E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos  
 I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: N° de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

## CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O proceso de ensino-aprendizaxe do presente Máster responde ás esixencias propias dunha titulación impartida baixo modalidade en liña e ao grao de especialización do nivel 3, como pode comprobarse no contido das guías docentes (ver E4) e na listaxe de Traballos Fin de Máster (E24). Deste xeito, para alcanzar os obxectivos e competencias das materias, a aula trasládase ao espazo de ensino virtual da UVigo ( Moovi) onde se desenvolven as diferentes metodoloxías e actividades, alóxanse os materiais de estudo e ponse en práctica os sistemas de avaliación.

Como pode comprobarse en Moovi, o espazo virtual do Máster estrutúrase ao redor de dous grandes bloques. O bloque da coordinación e o bloque das materias. Dentro do bloque da coordinación, atopamos o Espazo Común do Máster e o Espazo do Profesorado. No primeiro espazo infórmase o alumnado de maneira pormenorizada sobre o contido do Máster (organización das materias, modalidade de ensino, aspectos técnicos da plataforma, xestión administrativa, etc.) e ábrese un apartado de comunicación sincrónica a través de diferentes foros e ferramentas mediante as cales o coordinador e a secretaria académica envían mensaxes ás e os estudantes e o alumnado pode presentarse ao comezo do curso, así como enviar dúbidas, propostas ou suxestións. Ademais, o espazo que se foi actualizando anualmente, tanto no seu interface como en contidos, conta con material multimedia e material de reforzo daqueles elementos cuxo coñecemento por parte do alumnado revelouse escaso tales como o acceso a recursos electrónicos da biblioteca da UVigo ou información sobre citas e plaxio. Co mesmo propósito, o Espazo de coordinación docente vai dirixido a informar ás e os docentes sobre aspectos específicos da ensino-aprendizaxe en liña e a crear unha área de comunicación.

En relación cos contidos académicos, en primeiro lugar, o Máster ofrece un Curso 0 co obxectivo de que os estudantes alleos ao ámbito de estudo da xestión pública poidan familiarizarse, antes do comezo das clases, cos conceptos, teorías e métodos básicos desde a óptica da Ciencia Política. Trátase dun curso voluntario e, por tanto, non avaliable, dirixido a aquelas/vos estudantes que desexen introducirse no estudo da xestión pública durante as semanas previas ao comezo das clases. Neste Curso 0 dispoñen dun foro por grupo de lecturas para comentar ou enviar dúbidas sobre o seu contido.

Pola súa banda, no bloque de materias atópanse os espazos virtuais específicos das 18 materias e do Traballo Fin de Máster, ás que acceden as e os estudantes en grupos de 2/3 materias, cada 3/4semanas, e que denominamos etapa. Todas, a excepción do TFM, manteñen unha mesma estrutura co propósito de dar coherencia ao conxunto do Máster:

- Presentación do curso. Neste apartado as e os estudantes acceden á benvinda, ao currículo vitae do docente e aos seus datos de contacto, aos obxectivos e competencias da materia, á metodoloxía de ensino e aos criterios de avaliación. Así mesmo, poden acceder ao ligazón da guía docente, ao programa da materia e aos calendarios que pautan o estudo. Este apartado complétase cun vídeo de presentación do docente e cunha serie de foros a través dos cales o profesorado se comunica co alumnado e estes poden facer chegar as súas dúbidas, consultas, propostas ou suxestións sobre a materia.
- Temas. Neste apartado as e os estudantes entran na parte substancial da materia cuxo contido se organiza a partir das seguintes seccións:
  - Resumo e/ou pílula de explicación do tema.
  - Contidos teóricos que comprenden tanto o material de estudo obrigatorio (textos en PDF) como o material complementario (textos e vídeos).
  - Avaliación. Se a avaliación é por tema, as actividades alóxanse ao final do apartado. En caso dunha única avaliación final, a actividade localízase nunha sección aparte. É importante sinalar que, nalgunhas materias, antes das actividades de avaliación, as e os estudantes poden realizar actividades de autoavaliación para valorar o nivel de asimilación dos coñecementos.

- Convocatoria de xullo. Durante o mes de xuño/xullo, actívanse as actividades da convocatoria extraordinaria para aquel alumnado que non superou as probas da materia. Algunhas materias optan por novas actividades e outras por manter a actividade de avaliación da convocatoria ordinaria.
- Recursos. Neste apartado pódese acceder, segundo a materia, a bibliografía, vídeos, glosarios ou a ligazóns a sitios web.
- Enquisas. Xunto coa enquisa de Avaliación Docente (EAD) da Uvigo, cada materia conta cunha enquisa propia adaptada ás peculiaridades dun título en liña. O obxectivo é coñecer a valoración do alumnado e poder utilizar os resultados como fonte de mellora do título.

En canto ao desenvolvemento das clases, a media por grupo de docencia sitúase en 22.89 estudantes no curso 2020-21 (I15), número satisfactorio para abordar con certa solvencia o proceso de ensino-aprendizaxe baixo modalidade en liña. Deste xeito, a metodoloxía docente xira en torno ao traballo autónomo das e os estudantes e ao seguimento permanente por parte dos docentes, poñendo á súa disposición unha serie de calendarios (etapa, semestre, folla de ruta e actividades) que pautan o estudo e as diferentes opcións de entrega das actividades avaliativas (durante as semanas que dura a materia, ao final de semestre ou na convocatoria extraordinaria de xullo) segundo o tempo estipulado de 25/30 horas para a lectura, asimilación e realización das probas.

Ao mesmo tempo, o profesorado abandona o seu rol tradicional de transmisor de coñecementos e convértese nun guía, apoio e en facilitador de recursos para a adquisición de competencias por parte do alumnado. Neste sentido, unha das súas principais prioridades é tentar crear un clima distendido no grupo incentivando a participación a través dos diferentes foros e abrindo canles de comunicación.

Con iso búscase establecer un marco flexible que permita adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ao ritmo de cada estudante, facilitándolle o material de estudo e deseñando unha variedade de probas avaliativas e, nalgúns casos, autoevaluativas. Neste sentido segue optándose por unha variada proposta avaliativa que permitise unha avaliación integral da adquisición de competencias, tales como a realización de ensaios, preguntas de desenvolvemento, exercicios e traballos en grupo, gravación de vídeos, solución de casos ou participación en foros de debate. Dadas as cualificacións obtidas polo alumnado, cremos que esta variedade de probas está a responder ao seu obxectivo con notas situadas no rango entre o notable e sobresaliente (E25). Nembargante, un dato que chama a atención é o número de Non presentados nalgunha materia, especialmente no TFM (27 de 50 persoas matriculadas). Na procura dunha solución, iniciouse este curso o proceso de modificación do título buscando rebaixar a carga de traballo vía redución do número de materias e unha nova distribución das mesmas (ver en ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS, Acción de mellora 1 e 6)

Polo que toca ao TFM, o traballo consiste na realización dunha investigación orixinal, preferentemente empírica, sobre un tema relacionado co contido do Máster que cada estudante realiza de maneira autónoma baixo a titorización dun/a docente. A partir do curso 20-21 reforzouse o carácter de investigación empírica establecendo unha estrutura de traballo próximo a dun artigo científico. Para reducir o número de estudantes non presentados, estableceuse unha extensión máxima de 6000 palabras.

Con esta investigación o alumnado debe demostrar que asimilou as competencias do título ademais de saber trasladalas a un informe, o TFM propiamente devandito, co propósito de expoñelo posteriormente perante un tribunal. Tal como mostra o regulamento de TFM, o alumnado pode optar a unha dobre defensa: presencial ou virtual. Neste último caso, pode elixir por unha defensa síncrona (a través do Campus Remoto) ou ben asíncrona na que debe subir á plataforma de teledocencia un vídeo que, xunto ao traballo, é avaliado polos membros do tribunal. A persoa que exerce a presidencia tanto do Tribunal Colexiado como Unipersoal remite á coordinación un número determinado de preguntas que envía ao estudante e cuxas respostas debe subir a Moovi 24 horas despois. Recibidas as preguntas, o tribunal emite finalmente un informe coa cualificación que é enviado a cada estudante de forma individual a través da plataforma.

Para realizar unha revisión transversal das materias e comprobar o material docente e as probas de avaliación, pódese acceder tanto á plataforma Moovi como ás Guías docentes (E4).

Polo que se refire ás enquisas de satisfacción (I4), o estudantado do curso 2020-21 valorou a titulación por debaixo da media dos últimos anos, situada por riba do 4 puntos. Este curso a media acadada unicamente os 3.5 puntos, porén superior á media acadada polo resto dos másteres ofertados na Facultade e próxima ao dos graos máis valorados. Se ben non é

preocupante, a CAM e a coordinación farán un seguimento dos datos do próximo curso por se é preciso buscar algunha acción de mellora. Pola contra, as persoas egresadas valoran con 4,77 puntos o Máster, converténdoa na titulación mellor valorada da UVigo no curso 20-21. Este contraste de datos pode levar a pensar que os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado é froito da confluencia dunha serie de factores máis relacionados coa actitude dalgún(s) estudante(s) que coa organización do Máster. Tamén a satisfacción do profesorado é elevada con 4,84 puntos.

Á súa vez, a taxa de éxito global do título (I12) neste curso foi do 99%. Por materia, a maioría situouse no 100%. Unicamente 3 materias atópanse por debaixo desta porcentaxe, especialmente “Proceso de Análise II. Técnicas Cuantitativas” que acada o 86,96%. A cifra de suspensos non é excesivamente elevada (3 sobre 20 presentados) se consideramos o contido do temario, a modalidade de ensino e o perfil de estudantado.

**Puntos febles detectados:**

- Non se contemplan

**Accións de mellora a implantar:**

- Non se detectan

**Evidencias nas que se se baseou a valoración:**

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título, titor e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

## CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Como se pode comprobar nos Indicadores 1 e 13, o nivel de matrícula da titulación é óptimo, existindo ademais máis persoas preinscritas que prazas ofertadas. Nos cursos 16 - 17, 17 - 18 e 18 - 19 mantívose a matrícula lixeiramente por baixo do número de prazas ofertadas ao darse de baixa algún estudante unha vez comezadas as clases. Para evitar incorrer no incumprimento do criterio do número mínimo de prazas esixido pola Xunta (que coincide co máximo de prazas que oferta o Máster) a Comisión do Máster decidiu aumentar para o curso 19 -20 o número de prazas a 25.

En canto aos indicadores de resultados (I12), no curso 2020-21, mentres as taxas de eficiencia (92%) e éxito (99%) foron óptimas e a taxa de abandono achégase á prevista (21,05%), o resto atópanse por debaixo dos resultados fixados na memoria: graduación (43,48%); rendemento (65%) e avaliación (66%). Aínda que estes datos non son, a xuízo da Coordinación e CAM graves ao tratarse dunha titulación virtual, e a pesar das distintas accións de mellora postas en marcha estes anos (revisión da carga de traballo das materias reducindo temario e actividades; mellora da virtualización das materias do máster con novas píulas explicativas e materiais; busca de alternativas para aumentar a taxa de rendemento do TFM tales como adiantar o estudo de determinadas materias do segundo cuadrimestre para liberar tempo para a realización do traballo, modificar o regulamento do TFM e introducir a opción do tribunal unipersonal, etc.), considerouse pór en marcha a reforma do plan de estudos do Máster que entra en vigor no curso 22-23. Espérase que con esta reforma se poidan mellor estas taxas.

Ademais desta acción de mellora (ver en ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS, Acción de mellora 6, 7, 8 e 9), tamén se acometeron (E9/E12):

- A acción de mellora 6. Plan específico para mellorar os resultados que se sitúan por debaixo do obxectivo da titulación analizándose as causas da taxa de abandono e graduación, así como do resto de taxas, e establecéndose obxectivos máis realistas na nova memoria.
- A acción de mellora 7. Promoción do Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo. Por iniciativa dun alumno do Máster estase estudando a viabilidade da posta en marcha dunha asociación de persoas egresadas tanto do Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional como do Grao en Dirección e Xestión Pública.
- A acción de mellora 8. Campaña de información ao profesorado externo sobre a enquisa de satisfacción co obxectivo de aumentar a súa participación.

Finalmente, o I13 mostra como se mantén a tendencia dos cursos previos de contar con máis solicitudes de admisión que de prazas ofertadas no Máster (+14).

**Puntos febles detectados:**

- 

**Accións de mellora a implantar:**

- 

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

**Indicadores:**

- I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
- I12: Evolución dos indicadores de resultados
  - I014-DO Taxa de graduación
  - I012-DO Taxa de abandono
  - I013-DO Taxa de eficiencia
  - I011-DO Taxa de rendemento
  - I015-DO Taxa de éxito
  - Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
- I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
- I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
- I010-DO: Duración media dos estudos

## Seguimento da titulación de Mestrado en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais

### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

**Estándar:** o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

**Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:**

A titulación mantén os seus datos de matrícula con respecto ao primeiro ano de implantación (92%) achegándose á meta de calidade establecida. A matrícula de novo ingreso por preinscripción foi de 23 sobre 25 alumnos/as posible. A nota mínima de acceso é de 5,990, catro décimas superior ao curso anterior, se ben é importante aclarar que a nota de corte non é un factor diferencial para o acceso á titulación, xa que os requisitos de acceso ponderan a titulación de procedencia e valoran de forma significativa a experiencia docente e formación específica con respecto aos contidos do mestrado. Todos os factores poñen de manifesto que a nota de expediente é un valor máis a ponderar, pero non é o factor diferencial..

O grao de satisfacción do estudantado é de 2,65. Isto achácase, dende a coordinación, ás dificultades derivadas do curso académico marcado pola pandemia, e as dificultades ás que se viron sometidos docentes e alumnados, con activación puntual de clases en remoto e múltiples incidencias cos horarios. A pesares dos esforzos realizados dende a coordinación e a comisión, como a aprobación de dúas datas para a defensa de TFM en segunda convocatoria, non se conseguir unha taxa de éxito do 100%, que -estímase- tamén redundará nesta puntuación.

A este respecto convén observar a evolución ao longo dos vindeiros anos para valorar se é preciso tomar algún tipo de medida.

O grao de satisfacción das persoas tituladas é do 3,33%, onde as mulleres amosan unha puntuación moi superior á dos homes, e que se xustifica co reducidísimo número de alumnado varón na titulación durante o curso 2020-21. É unha puntuación lixeiramente inferior aos resultados do centro.

As experiencias e o saber-facer adquirido no último curso e a pandemia actual permitiu, de cara ao seguinte curso, formular unha optimización da reorganización das materias e da calendarización das mesmas para favorecer unha secuencialización axeitada de contidos e competencias.

Tamén se incorporaron novos docentes que puidesen ampliar os contidos dalgunhas materias, sen mudar o volume total de profesorado.

Onde se produciron cambios salientables foi nos criterios de acceso, que se otorgou unha puntuación de 2 puntos ás titulacións da área das ciencias xurídicas e sociais, para acercalas máis á área de especialización do mestrado: a comunicación.

Así mesmo, as guías docentes foron revisadas para incluír a casuística da COVID e os problemas derivados da crise sanitaria, como puideron ser os peches perimetrais – se ben a asistencia a clase foi unha das excepcións aos peches perimetrais.

Debido, precisamente, á situación sanitaria e ás dificultades que poderían existir coas prácticas, aprobouse un documento que recollía a valoración das memorias de prácticas para establecer criterios máis claros sobre as puntuación acadadas por cada estudante.

O grao de satisfacción do profesorado no mestrado é de 4,09

A cuestión máis salientable foi a posta en marcha dun sistema para combater o absentismo. Houbo un caso dunha alumna que non asistía a clase e durante unha temporada presentou os traballos. Pese a que nos estatutos da Uvigo se declara que é preciso asistir ás aulas, foi preciso implementar medidas punitivas que premiasen a participación e asistencias e castigasen o absentismo. Ditas medidas implementáronse nas guías docentes logo dun período de reflexión cos docentes responsables de materias e coordinadores de módulo. A solución eficaz foi introducir a metodoloxía de observación sistemática e ter en conta as asistencias a clase (que se efectúan dende o primeiro ano de posta en marcha do mestrado).

Non se pode avaliar a efectividade da medida, xa que entra en vigor para o curso seguinte.

**Puntos débiles detectados:**

- Non se detectan

**Accións de mellora a implantar:**

- Non se contemplan.

**Evidencias nas que basea a valoración:**

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

**Indicadores nos que se basea a valoración:**

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

**CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA**

<p><b>Estándar:</b> A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.</p> <p>Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).</p>	
<p><b>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</b></p> <p>A información relevante sobre o título é pública e atópase dispoñible, en tempo e forma, para os axentes implicados. Dende a coordinación da titulación mantense actualizada periodicamente a web e ao longo do curso 2020-21 reestruturouse parcialmente a información para facilitar a súa consulta.</p> <p>A inicio de curso implementouse unha mellora de cara á transparencia: a previsión de traballos e datas de entrega de cada materia. Con todo o que se tratou dunha proposta non vinculante e voluntaria, participaron todos os docentes de todas as materias a excepción dunha soa.</p>	
<p><b>Puntos febles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Non se detectan.</li> </ul>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Non se contemplan.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b></p> <p>E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)</p> <p>R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública</p> <p>QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.</p>	

**CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE**

<p><b>Estándar:</b> A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.</p> <p>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.</p>	
<p><b>Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:</b></p> <p>O centro conta cun manual, política, obxectivos e procedementos de calidade implantados, actualizados e accesibles e con regulamentos propios para o correcto funcionamento de titulacións e centro.</p> <p>O cambio máis salientable no que respecta á calidade foi a aprobación formal das metas de calidade, para as que se tomou como referencia as establecidas no outro mestrado do centro vinculado co mundo da comunicación: o Máster en Dirección de Arte Publicitaria.</p> <p>Con respecto ao informe do curso anterior, propúxose como accións de mellora a “Revisión das iniciativas xa planificadas e posta en marcha de novas medidas orientadas á familiarizar ós grupos de interese co Sistema de Garantía de Calidade”. A este respecto, no acto de benvida informouse das canles de comunicación para co profesorado, coordinación e centro, e informouse da existencia do buzón QSP.</p> <p>Con todo, no curso 2020-21 non se tramitou ningunha queixa.</p> <p>NON TEMOS PUNTUACIÓN DE VALORACIÓN DO SGIC</p>	
<p><b>Puntos febles detectados:</b></p>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p>

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración negativa do Sistema de Garantía Interna de Calidade por parte de alumnado e profesorado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Revisión das iniciativas xa planificadas e posta en marcha de novas medidas orientadas á familiarizar os grupos de interese co Sistema de Garantía de Calidade.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b></p> <p>E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/<u>Comisión de Garantía de Calidade</u></p> <p>E10: Documentación do SGC (Política, <b>obxectivos de calidade</b>, manual e procedementos)</p> <p>E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)</p> <p>E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</p> <p>EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade</p> <p><b>I5: <u>Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro</u></b></p>	

## CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

<p><b>Estándar:</b> O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.</p> <p>Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.</p>	
<p><b>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</b></p> <p>A valoración global dos recursos humanos é óptima para os diversos grupos de interese. Algúns dos datos que apoian esta afirmación son os seguintes:</p> <p>O conxunto de profesores doutores é superior ao de profesores non doutores (51,35%)</p> <p>Os resultados de investigación indican que o profesorado do mestrado conta cun total de 16 sexenios, que poderían ser 30 potenciais. A titulación conta con 11 profesores e profesoras en programas de formación.</p> <p>Finalmente, destácase a valoración global do profesorado é de 3,82, un dato que mellora en dúas décimas a valoración dos recursos humanos no informe do ano anterior (3,67)</p> <p>No caso do título, non se teñen evidenciado incidencias relacionadas co persoal docente ou de administración e servizos.</p>	
<p><b>Puntos febles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Non se detectan.</li> </ul>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Non se contemplan.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b></p> <p>E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve</p> <p>E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)</p> <p>R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u></p> <p>I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da</p>	

Universidade e en actividades formativas específicas  
 I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.  
 I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución  
 I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos  
 I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)  
 I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)  
 I02-PE: Cualificación do PDI  
 I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)  
 I03(2)-PE: Profesorado por categoría

## CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as. Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O mantemento e renovación periódica de equipos audiovisuais na medida na que orzamentos o posibilitan permite que os diversos grupos de interese manifesten certa satisfacción a este respecto

En xeral, as valoracións son boas, se ben o item que os alumnos está vinculado con puntuais problemas técnicos coa wifi (solucionados coa adquisición dun router móbil), que acaban sendo un problema na aula.

Co obxectivo de manter e mesmo mellorar as cifras, priorízanse accións de mellora de infraestruturas e instalación e renovación de equipamentos relacionadas con demandas directas dos grupos de interese como o equipamento da aula

### Puntos febles detectados:

- Non se detectan.

### Accións de mellora a implantar:

- Non se contemplan.

### Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título  
 E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT  
 E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.  
 E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título  
 E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia  
 E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

### Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos  
 I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas  
 I11: N° de alumnado por centro de prácticas.  
 I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

**Estándar:** Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

As taxas de éxito por materia son moi positivas superando en todos os casos o 95%.

Os resultados da aprendizaxe (3,82) mellora en tres décimas os resultado do curso anterior (3,53), continuando unha tendencia alcista dende o inicio do mestrado no curso 2018-19.

Con todo, a participación nas enquisas segue a ser baixa e convén reforzar a comunicación neste sentido para poder obter datos máis fiables, polo que se propón reforzar a comunicación sobre as enquisas e facer participar aos profesores da importancia de que o alumnado faga as enquisas

**Puntos febles detectados:**

- Participación baixa nas enquisas.

**Accións de mellora a implantar:**

- Reforzar a comunicación sobre as enquisas e facer participar aos profesores da importancia de que o alumnado faga as enquisas.

**Evidencias nas que se se baseou a valoración:**

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e calificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análisis xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

**CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO**

**Estándar:** Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dum núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

No relativo á satisfacción, participación, non temos datos relativos ao profesorado, pero resulta escasa or parte do alumnado (27,17%) que que descende tres puntos con respecto ao curso anterior. Resulta axeitado tomar medidas para incentivar a participación.

Os items mellor valorados da titulación son a guía docente (4,09) e o seu cumprimento (4,13), o volume de traballo proporcionado con respecto aos créditos d ecada materia (4,07) e a valoración global das materias, que ascende a 4,04

Pola contra, os índices con cualificacións máis baixas son as probas e actividades planteadas (3,78) e a organización das clases, que acada un 3,79. Iso redunda nunha puntuación global de planificación de 3,77. Convén destacar, en todo caso, que con respecto ao ano anterior estas puntuacións ascenden medio punto.

Estímase que as valoracións máis baixas teñen unha puntuación relativamente alta (tan so catro décimas inferior á nota superior), se ben son susceptibles de mellorar. Como os dous items anteriores poden analizarse en conxunto, propónse reforzar a comunicación entre profesorado a través da coordinación da titulación e das coordinacións de módulos.

A taxa de graduación foi do 100% e supera a meta de calidade

A taxa de abandono é do 9,52% e atópase cerca da meta de calidade

A taxa de eficiencia é do 100% e supera a meta de calidade

A taxa de rendemento é do 93% e está en sintonía coa meta de calidade

A taxa de éxito é óptima (100%) e supera a meta de calidade

Con respecto ás accións de mellora propostas no curso informe anterior, cabe destacar o seguinte:

- Implicar á coordinación e desenvolver medidas para sensibilizar ó alumnado da importancia da participación nas enquisas de satisfacción. A este respecto lembrouse máis veces a importancia das enquisas e o seu acceso, se ben non se pode enviar por mail o acceso directo á enquisa, o que dificulta que se materialice nun aumento significativo do volume de enquisas contestadas.
- Revisión das iniciativas xa planificadas e posta en marcha de novas medidas orientadas á familiarizar ós grupos de interese co Sistema de Garantía de Calidade. A este respecto informouse en reiteradas ocasións da existencia do buzón de QSP, desde o primeiro día de presentación do mestrado.

**Puntos febles detectados:**

- Escasa participación dos alumnado nas enquisas de satisfacción.
- Puntuacións inferiores a 4 en probas, organización de clases e planificación.

**Accións de mellora a implantar:**

- Implicar á coordinación e desenvolver medidas para sensibilizar ó alumnado da importancia da participación nas enquisas de satisfacción.
- Coordinación de profesorado dende a coordinación de titulación e módulo, e revisión do calendario de clases e horas de cada materia na PDA.

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

**Indicadores:**

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico  
 I12: Evolución dos indicadores de resultados  
 ☐ Tasa de graduación  
 ☐ Tasa de abandono  
 ☐ Tasa de eficiencia  
 ☐ Tasa de rendemento  
 ☐ Tasa de éxito  
 ☐ Tasa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)  
 I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso  
 I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar empresa  
 I010-D0: Duración media dos estudos

## IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAS DAS TITULACIÓNS

### ***Modificacións na titulación de Grao en Comunicación Audiovisual:***

Inclúiranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle noe “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Non se contemplan modificacións non substanciais.

### ***Modificacións na titulación de Grao en Publicidade e Relacións Públicas:***

Inclúiranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle noe “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Non se contemplan modificacións non substanciais.

### ***Modificacións na titulación de Grao en Dirección e Xestión Pública:***

Inclúiranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle noe “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Non se contemplan modificacións non substanciais.

### ***Modificacións na titulación de Mestrado en Dirección de Arte en Publicidade:***

Inclúiranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle noe “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Non se contemplan modificacións non substanciais.

***Modificacións na titulación de Mestrado en Dirección Pública e Liderado Institucional:***

Incluíranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambios menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Mestrado” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Non se contemplan modificacións non substanciais.

---

#### IV. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

##### *Grao en Comunicación Audiovisual*

Accións de mellora	Estado situación	Comentarios /observación
Sistema de Garantía Interna de Calidade. Desenvolvemento de accións informativas para familiarizar ó alumnado co Sistema de Garantía Interna de Calidade e coas canles de participación na mellora de titulación.	Desenvolvida parcialmente	Se ben se evidencia que algúns dos grupos de interese xa están familiarizados co Sistema de Garantía Interna de Calidade do centro, resulta preciso continuar co desenvolvemento das iniciativas para lograr unha satisfacción global ó respecto.
Rendemento: Traballo de Fin de Grao. Desenvolvemento de accións para cambiar a percepción do alumnado respecto do traballo de fin de grao: sesións informativas, especificacións docentes, etc.	Desenvolvida completamente Reactivar	Incrementouse o rendemento da materia Traballo de Fin de Grao. Deberá facerse fincapé para evitar volver a cifras anteriores.
Satisfacción: Plan de Acción Titorial. Reactivación das reunións do PAT segundo as liñas marcadas na normativa actual.	En desenvolvemento.	Tense aumentando a frecuencia de reunións da Comisión Académica de Grao para permitir a organización, dende este órgano, das actividades habituais de coordinación.
Desenvolvemento da docencia: Coordinación de materias. Reactivación dos módulos de materias que permitan a coordinación de aspectos organizativos e de contido.	En desenvolvemento	Tense aumentando a frecuencia de reunións da Comisión Académica de Grao para permitir a organización, dende este órgano, das actividades habituais de coordinación.

*Grao en Publicidade e Relacións Públicas*

Accións de mellora	Estado situación	Comentarios /observación
Orientación. Integración do programa PIUNE no PAT (tal e como se expón no novo procedemento de calidade de Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas que se implantará no cursos 2020-2021).	Desenvolvida parcialmente.	O descenso a 2 alumnos atendidos baixo este programa no curso 2020-2021 fixo posible o seguimento directo por parte da coordinadora, que, non obstante, a través da coordinación do Grao, trasladou aos responsables de PAT as diferentes necesidades e evolución dos usuarios. En calquera caso, en previsión dun incremento futuro da demanda, débese completar a integración plena no PAT. No curso 2020-2021 renovouse o coordinador do título e o centro contribúe, na medida das súas posibilidades, a compensar o esforzo e horas de dedicación que implica esta labor, recoñecéndolle ao seu responsable un desconto docente de 30 horas con cargo á bolsa de horas do centro, claramente insuficiente, pero o problema de fondo segue pendente, posto que non existe remuneración económica e o recoñecemento curricular é escaso; cuestións estas que superan as competencias da Facultade.
Coordinación. Procura de sistema de compensación que permita contar con recursos humanos para a coordinación do título.	Desenvolvida parcialmente.	O plan de mellora da rede wifi é unha competencia dos servizos informáticos da Universidade, que xestionan este asunto de xeito centralizado. Desde a renovación de puntos de acceso acometida nos anos 2018 e 2019 non se levou a cabo ningunha acción deste tipo.
Recursos materiais. Mellora da a rede wifi do centro para evitar os picos de demanda que provocan saturacións no servizo.	Pendente.	Incrementouse a oferta informativa ao estudiantado sobre
Orientación. Deseño e posta en marcha de accións encamiñadas á mellora da orientación profesional e	Desenvolvida parcialmente.	

laboral e á orientación académica para a continuación dos estudos: sesións informativas, etc.

este aspecto, a través do PAT e, fundamentalmente, a través do Servicio de Orientación Laboral (SOL) del Área de Empleo da a UVigo, co que se teñen programado charlas destinadas a mellorar, especificamente, a empregabilidade do alumnado de Publicidade e Relacións Públicas. Uns obradoiros que se desenvolverán xa no curso 2021-2022.

Coordinación. Desenvolvemento e implementación de medidas para mellorar a coordinación nas materias e entre as materias: planificación, calendarizacións, reunións de módulo, etc.

Desenvolvida  
completamente

Téñense agrupado todas as materias do título en tres módulos formativos, designando coordinadores/ as para cada un deles, que forman parte da Comisión Académica do Grao, na que se revisa e aproba, tamén, a planificación semanal de contidos teóricos e prácticos de cada materia, reducindo, así, duplicidades e fomentando a complementariedade entre elas.

Información e transparencia. Actualización da información existente na Web e transmisión doutra información relevante demandada en relación ós títulos a través de redes, pantallas, sesións etc.

Desenvolvida  
completamente

A información relevante sobre o título é pública e atópase dispoñible, en tempo e forma, para os axentes implicados. Xa non se detecta insatisfacción ó respecto.

Sistema de Garantía Interna de Calidade. Desenvolvemento de accións informativas para familiarizar ó alumnado co Sistema de Garantía Interna de Calidade e coas canles de participación na mellora de titulación.

Desenvolvida  
parcialmente

Se ben se evidencia que algúns dos grupos de interese xa están familiarizados co Sistema de Garantía Interna de Calidade do centro, resulta preciso continuar co desenvolvemento das iniciativas para lograr unha satisfacción global ó respecto.

Rendemento. Traballo de Fin de Grao. Desenvolvemento de accións para cambiar a percepción do alumnado respecto do traballo de fin de grao: sesións informativas, especificacións docentes, etc.

Desenvolvida  
completamente

Incrementouse o rendemento da materia Traballo de Fin de Grao.

*Grao en Dirección e Xestión Pública*

Accións de mellora	Estado situación	Comentarios /observación
Sistema de Garantía Interna de Calidade. Desenvolvemento de accións informativas para familiarizar ó alumnado co Sistema de Garantía Interna de Calidade e coas canles de participación na mellora de titulación.	Desenvolvida parcialmente	Se ben se evidencia que algúns dos grupos de interese xa están familiarizados co Sistema de Garantía Interna de Calidade do centro, resulta preciso continuar co desenvolvemento das iniciativas para lograr unha satisfacción global ó respecto.
Rendemento: Grao en Dirección e Xestión Pública. Análise detallada das taxas de graduación, abandono e rendemento por materia e establecemento dun plan de acción en consecuencia para incrementar o rendemento global do título.	Desenvolvida parcialmente	Produciuse unha mellora global das taxas de graduación, abandono e rendemento por materia. Respecto dalgunhas materias concretas con taxas moi baixas introducíronse modificacións no sistema de avaliación no curso 2021/2022 para mellorar os indicadores.

*Mestrado en Dirección de Arte en Publicidad*

